



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 6 DE AGOSTO DE 2009**

| | |
|----------------------|--|
| <u>ALCALDE:</u> | D. Jesús Vazquez Almuiña |
| <u>CONCELLEIROS:</u> | D. Angel Manuel Rodal Almuiña Dña.Rosa Ana Marcote Guillén Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez Dña.Maria Iglesias Fernández Dña.Ana Simons Sánchez D.Jose Rodríguez Trigo Dña.Maria Jesús Martíns Passos D. Manuel R. Vilar Marquez D. Rafael Lores Rosal D.Manuel Rafael Estévez González Dña.Laura Miguez Pérez Dña. Teresa Perez Vieira D. Manuel A. Gonzalez Marcote D. Xose Enrique Fernández Fernández D. Roberto C. Valverde Sabin |
| <u>NON ASISTIU:</u> | Dna.Emilia Giráldez Ramirez |
| <u>SECRETARIA:</u> | Dña.Susana Gallardo Fariña |
| <u>INTERVENTORA:</u> | Dña.Rosa del Riego Santos |

Na Casa Consistorial de Baiona, a seis de agosto de dous mil nove, reúnense os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR.

Acta de 2 de xullo de 2009.

O Sr.Alcalde pregunta se hai algunha observación que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha, fica aprobada por unanimidade.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os Concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

**3.-DACION DE CONTA DA SOLICITUDE DO CONCELLO Á EXTINTA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E BENESTAR Ó BEIRO DA ORDE DE 1 DE**



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

ABRIL DE 2009 POLA QUE SE REGULAN AS BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO COFINANCIAMENTO DA PRESTACION DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIONS LOCAIS.

Dase conta da devandita solicitude.

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DE CREDITO 3/2009.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen da conta da seguinte:

MEMORIA DE LA ALCALDÍA

Con el fin de poder incrementar la consignación de determinadas partidas de gastos corriente cuyo crédito se ha revelado insuficiente y que se refieren a:

- Gastos de mantenimiento del Centro de Salud, hasta la asunción de los costes de mantenimiento del centro por el SERGAS.

- Aumento de las partidas destinadas a honorarios de las obras del fondo estatal, como consecuencia de los trabajos arqueológicos realizados en la obra de Pavimentación en Santa Liberata.

- El pago de las indemnizaciones derivadas de la expropiación de terrenos para la con motivo de la ejecución de las obras: "NUEVA CARRETERA DE ENLACE DE LA AUTOPISTA VAL MIÑOR CON LA C-550", referentes a un propietario que había acudido al Jurado Provincial de Expropiación: Manuel Cabrera, y que hasta la fecha no había solicitado la pertinente indemnización.

El presente expediente se financia con cargo al Remanente de Tesorería para Gastos Generales, y con mayores ingresos efectivamente recaudados en el Presupuesto corriente por un importe acumulado de 38.415,22 €.

Como consecuencia se eleva al Pleno la siguiente **PROPUESTA DE ACUERDO**:

1º.-Aprobar el expediente de modificación de crédito nº 03/09, mediante suplemento de crédito por importe de 38.415,22 €, según detalle que figura en el Anexo.

2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- Esta modificación 3/09 supón unicamente 38.000 euros, que son o 0,31% do presuposto de Baiona; o que máis chama a atención é a forma de financiálo; dende logo, 38.000 euros, o 0,31% do presuposto, menudo malabarismo para financiálo; 4.000 euros de remanente de tesourería, e diversos ingresos presupostados maiores, incluso intereses de demora. A día de hoxe o Concello de Baiona xa non vai a acollerse ó Decreto Lei 5/2009, do 24 de abril, onde podía endebedarse para facer frente ás facturas pendentes de pago, e que este grupo municipal no seu momento plantexou con rigor e con sensatez que o Concello acollerase a ese Decreto para poder liberar remanente de Tesourería. Estas modificacións, a partires de agora, o remanente de Tesourería xa rematou, faremos malabarismos para poder financiálas. O SERGAS, o 1 de xullo, non asume o coste do Centro de Saude, e entendemos, e non sabemos, cando vai asumir ese coste, poderemos ter outra modificación presupostaria dentro de 4 meses,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

cando estes 12.000 euros que hoxe adoptamos se volvan a rematar; en outubro teremos outra máis.

Botamos de menos que antes do 1 de marzo o grupo municipal do PP facía Pleno tras Pleno mocións reclamando convenios según eles non cumpridos pola Xunta anterior ou ben reclamacións de acordos feitos pola Xunta anterior; neste caso, o incumprimento do SERGAS pola non asunción dos custos do Centro de Saúde está supoñendo 12.000 euros máis ó Concello de Baiona, hoxe, non sabemos cando se fará cargo deste coste.

Dixemos en diversas ocasións que creemos que a política presupostaria no Concello ten bastante improvisación e non ten un estudio detenido; as modificacións que se están facendo, en moitas ocasións, ó longo do ano, supón o fracaso da previsión presupostaria económica dun Concello.

SR.FERNANDEZ, BNG.- En primer lugar felicitar á Concellería de Cultura polo éxito que tivo tanto nos fogos de lucería que se exhibiron este fin de semana como pola festa en sí; señora concelleira, moitas felicidades.

Entrando no tema, esta é xa a terceira modificación de crédito do ano, a pesares de que fai pouco que se aprobou o mesmo; modificacións que visto o expediente podemos comprobar que nalgún dos casos son gastos que non eran previsibles dentro duns orzamentos, a pesares, como decía antes, do tardío en que se aprobaron os mesmos. En primer lugar temos un pago de indemnizacións derivadas dunha expropiación pola nova carretera de enlace da autopista do Val Miñor, non sabemos se foi despiste do Concello ou que simplemente o propietario o deixou ir e ó final esixe que se lle indemnice, con todo o dereito do mundo. Temos tamén un aumento de partidas destinados a honorarios polas obras do Fondo estatal, como consecuencia dos traballos arqueolóxicos realizados na obra de pavimentación de Santa Liberata, tamén era difícil prever que ía atoparse alí o que se atopou, polo tanto consideramos que é unha necesaria actuación. E por último "gastos de mantemento do Centro de Saude", e isto sí que nos chama a atención, dí: *"Gastos de mantenimiento del Centro de Salud, como se informó en el Presupuesto, las partidas destinadas al mantenimiento del mencionado Centro, sólo se preveían por medio año; estimado que a partir de julio el Servicio Galego de Saude ya asumiría dichos costes, de conformidad con el convenio firmado con fecha 3 de abril. Sin embargo hasta la fecha no se ha producido tal asunción de costes"*; Sr.Alcalde, aquí sí que temos que facerlle unha crítica: vostede, como é lóxico, o día da Arribada, truxo aquí para o seu lucimento, ó actual Presidente da Xunta, e nos parece dentro do xogo político unha actitude de iso mesmo: de xogo político; e capáz de traer tamén a Conselleiros, Conselleiros que lle prometen a día de hoxe "el oro y el moro", en cambio non é capaz de conseguir que os seus compañeiros, incluso de profesión, a Conselleira de Sanidade, se faga cargo dos custos do Centro de Saude de Baiona. Esta é unha proba máis de que o PP, en Baiona, e en toda Galiza, están para a foto, simplemente para a foto; non fan outra cousa, foto por aquí e foto por alá, imaxe para aquí e imaxe para alá; prometen, prometen e prometen, e despois "donde dije digo, digo Diego"; e non so na área de Sanidade, pasa en tódalas áreas do Concello, absolutamente en todas, proba de elo é que hoxe temos aquí o salón cheo por ese motivo; prometen vostede "o ouro e o moro"; e ¿agora qué?, foron quen vostedes de enganar ás nais e ós pais de Fontes, en vésperas electorais; foron quen de enganálas, vilmente, prometendo o que non podían facer e agora están pagando as consecuencias.

Sr.Alcalde, parécenos que o que ten que facer é deixar de facerse tantas fotos e facer xestión para o Concello e que repercuta nas arcas municipais, que repercuta directamente nas arcas municipais, porque aquí parece que o diñeiro entra a contagotas pero sair pola porta sae a raudais, proba délo témola hoxe na prensa coa denuncia que fai o BNG por contratar a Alcaldía a dedo a un inxeniero que fai o seu traballo particular en horas pagadas pola Deputación co visto e beneplácito do señor Alcalde de Baiona que acude ás suas visitas e máis dunha vez acompañado dese inxeniero e acompañado da concelleira de Urbanismo; acompañando vostede a un inxeniero en horas de traballo pagadas pola Deputación, e lle está pagando vostede o 4% deses orzamentos, é decir, señoras e señores, en 4 meses a friolera de 61.000 euros, pagados porque según vostede dixo fai dous meses no Pleno "o criterio era sencillo", que "non tiña ningún tipo de criterio para adxudicar a dirección desas obras", pois, señor Alcalde, lle pido, lle



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

esixo, que diga aquí no Pleno que motivos hai detrás de todo isto porque aquí cheira mal, cheira mal esta historia; e cheira mal non soamente a dirección das obras, cheiran mal moitas máis cousas das obras do Plan E, quero que me explique porqué motivo, qué criterio, utilizou vostede para adxudicar as obras do Plan estatal, eu xa sei que non lle gusta pero vai no seu soldo, explíquenos porque deu a dedo a obra de Bahiña e porque deu a dedo a obra de Santa Liberata, e explique quen está detrás desas empresas.

SR.ALCALDE.- Non se acalore, en Rogos e Preguntas poderá vostede decir o que queira; fale do punto.

SR.VILAR, CMÑ.- Trátase dun expediente de suplemento de crédito, 3/09, é algo normal; levar ó longo deste ano tres expedientes deste tipo é algo rutinario para cubrir unha serie de gastos e cuns ingresos que están perfectamente xustificadas. Estamos a favor porque non ten ningún problema.

SR.RODAL, PP.- Según el informe de Intervención las causas que justifican esta modificación son el incremento de la consignación de determinadas partidas de gasto corriente cuyo crédito se ha revelado insuficiente y como hemos escuchado tanto el portavoz del PSOE como el del BNG están totalmente de acuerdo; veo que solamente dudan un poco del primer gasto del mantenimiento del Centro de Salud, que como muy bien se ha dicho es una partida de 12.537 euros para 4 meses y que esto cumple lo que es la limpieza de combustible y el mantenimiento. El Sr.Fernández critica al Alcalde, dice que tiene poco trato y que no puede conseguir cosas de la Xunta; que yo sepa la Xunta anterior tendría que haber tomado las medidas presupuestarias para llevar a cabo esta asunción de los costes del Centro de Salud; o sea, creemos que ustedes antes, en el bipartito PSOE-BNG a nivel Xunta, tendrían que haber tomado estas medidas; desde aquí, desde el Ayuntamiento, se había visto una previsión a 6 meses que ahora, obviamente, se tendrá que ampliar otros 4 meses, y desde luego que sí se va a pedir desde el Ayuntamiento a la Xunta que corra con los gastos anteriores.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Pois se a Xunta anterior o fixo mal, as modificacións presupostarias da propia Xunta fan que se poidan pagar estas cousas, igual que se está facendo agora mesmo aquí; cando hai calquer gasto imprevisto, ou política quizá errónea, pois se modifica o presuposto e xa está, se araña en calquera sitio para intentar conseguir eses ingresos, como se está facendo aquí.

Non vemos normal a modificación 3/09; estamos en agosto, levamos co presuposto legalmente e lexitimamente 2 meses en vigor e xa levamos tres modificacións presupostarias, case un millón de euros, é decir, realmente non é normal.

A necesidade desta modificación está clara, obviamente; hai unha expropiación, uns gastos non asumidos pola Xunta e unha maior partida de honorarios, é normal que haxa unha modificación presupostaria xa que isto non estaba previsto; o que sí criticamos e creemos que non é de recibo é que a pesares de que este grupo, na situación presupostaria deste ano abstívose para facilitar canto antes a aplicación do novo presuposto, realmente nós fixemos alternativas serias e rigurosas para que se liberase o remanente de Tesourería e así calquer tipo de imprevistos no ano 2009 poidera estar previsto e poidera afrontarse con tranquilidade, e vemos que nesta terceira modificación presupostaria xa non existe ese exceso de liquidez: o que vemos é que se collen 4.000 euros, se financia unicamente o 0,31% dun presuposto, unha pequenísima modificación, e soamente temos 4.000 euros de excedente e o demáis o temos que arañar, temos que arañar con pequenos ingresos de máis que tivemos, ¿cómo será a seguinte modificación?, ¿nos endebedamos?, para iso nos pudemos haber acollido antes ó Decreto Lei que nós plantexamos e tiñamos absolutamente a garantía legal de que se podía facer para financiar por primeira vez gasto corrente con endebedamento, non se fixo, acabou o outro día o prazo, este Concello non se acolle a ese Decreto Lei.

Nós, na situación deste ano presupostario, mantivemos a nosa prudencia e a nosa abstención. Vamos a votar en contra deste punto non pola modificación en sí, que realmente sí fai falta,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

votamos en contra polo xeito de facéla e porque vai a ser algo repetitivo ó longo do ano, seguro; vostedes fixeron non soamente 3 modificacións nos anos anteriores, fixeron moitas máis, e aquí levamos 2 meses e xa levamos tres.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Rodal, seguen vostedes de vítimas, seguen explotando o victimismo; antes decían que na Xunta de Galiza lles daban portazo, que non lles atendían; e agora que na Xunta, supostamente, teñen as portas abertas, pois están achacando a que non había orzamento. Vostede sabe tan ben como eu que as partidas da Consellería de Sanidade, como tódalas das Consellerías, son xenéricas, non están específicas, como sucede nos Orzamentos deste Concello; entón esa non é unha disculpa; o que pasa é que vostedes se adican a sacar a foto e non a facer xestión na Xunta, iso é o que pasa: o Alcalde, moito paseo, moita foto, pero xestión na Xunta nin un duro; e lle recordo que a anterior Xunta do bipartito foi quen de crear unha galescola no Concello de Baiona e un Centro de Día que necesitan os veciños urxentemente e que vostedes teñen paralizado pola súa incompetencia dende fai case 1 ano; ese é o problema, non lle interesa, seguramente que o Centro de Día vai ser inaugurado días antes das eleccións municipais, seguro.

Por certo, ben poideran meter vostedes na modificación a compra dun micrófono máis, ou cambie vostede de sitio porque andamos a bailar cos micrófonos. Esta é a terceira pero non vai a ser a última modificación neste Concello; non pode ser a última porque a verdade é que no apartado de Inversións, no Capítulo 6, xa o dixemos no seu día, é que daban pena. E o curioso é que os seus compañeiros e compañeiras, cando van a actos oficiais, reunións colexiadas, presumen dos Orzamentos; o podo trasladar porque así mo dixeron, eu non son membro de ningún Consello Escolar, o fun, pero non o son, no Consello Escolar de Fontes onde a señora Ana Simóns é membro nato, presumíu de que ía haber moitísimas inversións, con estas palabras, para o Colexio de Fontes. Señora concelleira, antes de dicir iso asegúrese do que dí porque mire, na partida de Educación, no capítulo 6, dí: "Inversións aspersores Colexio Fontes, 600 euros; inversión en mobiliario, para tódolos Colexios do Concello, 8.900 euros; inversións en Parques Infantís de Colexios, dalgún Colexio, 4.550; inversións diversas en Colexios, 0; o ano pasado foron 26.000 euros; este ano son 0. Claro, agora entendemos porque hai unhas fotos como esas, porque a inversión nos Colexios é cero; non me extrana en absoluto porque a política do PP é eliminar os Colexios Públicos, de feito hai moitos colexios privados que viven case exclusivamente do PP e dos afines ó PP, da clase alta, da jet-set. Pola boca morre o peixe, pero nós non debemos nin podemos, a veces a mellor palabra é a última que está por dicir, e así nos convertimos en prisioneros das nosas propias verbas.

Sr.Rodal, nós houberamos aprobado esta modificación sen problema ningún porque é certo que os puntos primeiros que xa nomeei non hai posibilidade de preveélos; pero o tercer punto do Centro de Saúde é por falta de xestión sua; polo tanto, se vostedes encenden a fogueira, apáguenla.

SR.VILAR, CMÑ.- Con relación ó que dixo o portavoz do PSOE quero recordarlle que aínda que nós o Presuposto o aprobamos xa entrado o ano, non podemos esquecer que vimos tirando dél dende o primeiro de xaneiro, e dende ese día en tódalas partidas vimos executando ese presuposto que logo se aprobou.

En canto ó que vostede afirmaba de que nos podíamos endeudar para financiar o gasto corrente, creo que esa é unha visión política da crisis económica; é como se vostede me dí que as familias teñen que endebedarse para poder comer; un Concello non é unha cousa excepcional, un Concello é unha Administración moi seria; entón, si se chega a esa situación estaríamos ante unha situación económica caótica; é unha macropolítica pensar que se poidan endebedar ou non os Concellos, é unha directriz que fai o Goberno do Estado para saír un pouco desta crisis. Nós entendemos que da crisis se sae con outro tipo de medidas económicas que posiblemente sexan moito máis eficientes que as que está plantexando agora o PSOE, porque como sigamos así, as arcas públicas dentro de pouco vanse a ver baleiras e non teremos cartos nin para poder facer un Presuposto Ordinario; me temo que os fondos do Estado, que xa diminuíron bastante, poden diminuír aínda máis. Creo que endebedarse nestes momentos non debemos de facélo salvo que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

nun futuro a situación empeore moito e non teñamos máis remedio, pero eu espero que non cheguemos a esa situación.

O BNG sacou aquí unha polémica, eu non quería intervir pero me obriga a facélo; evidentemente non se pode culpar ó PP, nin á Xunta de Galicia que actualmente está gobernando, do que é unha situación e dun presuposto que llo fixo o anterior Xunta bipartita. Todos sabemos que na Xunta bipartita se gastaron moito diñeiro en materia de Educación (entre comillas) pero por outra vía, á das galescolas, etc., era o caos da Xunta de Galicia, que en materia de Educación se incluían as galescolas para facer a política do BNG, en contra, un pouco, da Consellería de Educación que controlaba o PSOE, e ¿a qué nos levou isto?: a que se gastara sen control e se chegara, como ben dí o escrito que lle remite o Alcalde ós veciños, a anular presupostos que había para mellora dos Centros, cando estaban dalgún xeito presupostados, como é o caso do Colexio de Fontes, (quero falar alto e claro). Ese foi o problema: que a Consellería de Educación, polo pacto do bipartito, non tiña tódolos fondos económicos que debe ter unha Consellería para atender algo tan importante e básico como é a Educación.

Eu entendo que tódolos colexios deben ter as necesidades cubertas, especialmente os públicos, iso é evidente, non se poden regatear esforzos para que teñan as instalacións dignas e o mellor coidadas posibles, e nese campo de responsabilidades (e repito: quen fixo o actual presuposto foi a Xunta bipartita, non a actual) o Concello de Baiona actúa coa maior premura posible; chegado ó 15 ou o 20 de agosto, tódolos nosos efectivos se volcan en atender ós colexios, incluso ó IES o limpamos e desbrozamos cos propios operarios municipais, e moito máis ós demás Colexios; e pódolle garantir que non hai ningún colexio que non sexa prioritario para nós, todos son iguais e intentamos satisfacer a todos, o que pasa é que hai gastos de infraestructuras e cando un colexio ten moitos anos ten que ser a Xunta a que ten que invertir; e esta Xunta xa tivo un xesto fantástico coa inversión de case máis de 40.000 euros para resolver o problema eléctrico do Colexio de Fontes, inversión importante cun compromiso serio de César Pérez Ares, que foi compañeiro meu, de que nos próximos presupostos se vai a habilitar esa partida presupostaria para reforma dos baños do Colexio de Fontes, e eu non dudo en absoluto da palabra da Xunta porque conozco a esa persoa, que é compañeiro meu, profesor, e sei que está moi sensibilizado con este tema. Actuaremos sempre nos Colexios para que polo menos funcionen tódolos servizos; nese sentido vamos a seguir actuando como sempre.

Sobre o que vostede pretende utilizar, das protestas dos pais, dicir que son lexítimas protestas porque estamos en democracia, pero sempre dentro do respecto; que sepan que este goberno municipal se volca cos Colexios, con todos, dentro das nosas posibilidades. Nadie pode dicir que marxinamos a algún colexio, iso é absurdo, sería dicir que tiramos pedras contra o noso propio tellado. Polo tanto, Sr.Fernández, non utilice isto en plan político; e sorpréndeme o outro día que vostede saíu na foto, que por certo tiña que estar aquí nunha reunión e dixo que non podía, e resulta que foi vostede a facerse a foto da prensa a Fontes, unha irresponsabilidade pola súa parte total e absoluta; penso que realmente os pais dos nenos do Colexio de Fontes saben que facemos tódolo posible para arreglar o tema, no fondo o saben; e repito que están facendo unha manifestación lexítima, legal, aquí nadie dí que non o sexa, pero os que gobernamos temos que ter as ideas claras e non vamos a cambiar a nosa liña de actuación porque entendemos que nunca foi errónea, é unha liña correcta e nesa liña vamos a seguir; creo que o escrito que lle remite o Alcalde a tódolos pais é un escrito correcto e que calquer persoa que teña boa fe e sentido común saberá que se vai a cumprir e se vai facer tódolo que sexa para mellorar a situación dos colexios en xeral, e en particular do Colexio de Fontes.

Polo tanto, Sr.Fernández, non sexa vostede un incendiario; eu sei que no fondo vostede está plenamente convencido de que estamos polo bó camiño pero comprendo que ten vostede que defender a xestión da anterior Xunta, pero en materia de Educación non foi correcta, o propio PSOE, que era responsable da Consellería de Educación, miraba que debido ó pacto que había, a maioría dos fondos que tiñan que gastar en Educación se invertían en galescolas e demais, que son necesarias, pero non é tan prioritario como mantér os Centros que xa temos. Démoslle un marxe de confianza á actual Xunta de Galicia, creo que fará unha política moito máis coherente ó estar a Consellería en máns dunha soa persoa, iso xa é algo positivo. Repito que no próximo



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

presuposto haberá fondos para arranxar este problema; non podemos facer outra cousa que confiar, como nós o facemos, na xestión da Xunta de Galicia.

Eu non quería intervir, Sr.Alcalde, pero me obrigou a intervención do portavoz do BNG xa que se desviou do tema, e como o que cala dá a impresión de que otorga non me quedou máis remedio que intervir; perdoe por sairme do punto, moitas grazas.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 7 (5, PSOE, e 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

1º.-APROBAR EL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N° 03/09, mediante suplemento de crédito por importe de 38.415,22 €, según detalle que figura en el Anexo.

2º.- Ordenar la publicación en el BOP del presente acuerdo, a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS FESTAS LOCAIS 2010.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP**, quen procede á lectura da seguinte **PROPOSTA**:

“Os concelleiros integrantes do grupo de goberno do Concello de Baiona formulan, dentro das competencias do Concello en materia de festas locais, para a sua discusión e no seu caso aprobación no Pleno Ordinario, a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobación como Festas Locais en Baiona para o ano 2010:

- Festividade do Carmen: 16 de xullo de 2010.
- Festividade de Santa Liberata: 20 de xullo de 2010.

Segundo.- Remitir este acordo á Consellería de Traballo.

CONTINUA.- Se mantiene la festividad de Santa Liberata y se modifica la Fiesta de la Anunciada por la del Carmen.

SR.LORES, PSOE.- Antes de nada xustificar a ausencia da compañeira Mila que está acompañando a sua nai no Hospital.

Falando do punto, o grupo socialista sorpréndelle esta Proposta das Festas Locais; por suposto que nós non temos absolutamente nada en contra nin a favor dunha Virxe nin da outra; o único que estivemos plantexando durante todo este tempo é que nos parecía máis coherente manter unha Festa Local de carácter relixioso como pode ser Santa Liberata, e despois incorporar como Festa Local unha festa laica como é o 1º de Marzo; ata agora o 1º de marzo coincidía en festivo polo que parecía correcto buscar calquer outra festa como se estivo facendo ata agora, sempre que coincidía unha delas en festivo.

O grupo municipal socialista sempre abogou porque as Festas Locais foran datas fixas e que perduraran no tempo, como ocorre na maioría dos Concellos; iso facilita o traballo das distintas empresas e dos traballadores; o normal é establecer 2 festas estables e que simplemente haxa modificacións cando unha delas coincida en domingo, que foi o que ocorreu nestes 2 últimos anos e non tivemos ningún problema. Outra cousa que nos sorprende é que se traten de acumular festas nunha mesma semana; si pasamos a ter o día 20, que é un xoves, festivo, pasamos o



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

domingo, e o mártres outra festa local; non ten sentido acumular dúas Festas Locais nese curto espazo de tempo cando temos outras oportunidades de declarar non laborable outras datas que repartirían o calendario, porque parece que o único que se está favorecendo é ós empregados da Banca e ós empregados municipais; son os únicos que se van a beneficiar desta acumulación de Festas, non como o resto dos traballadores e dos comercios que nesas datas do mes de xullo van a estar abertos e traballando.

A nosa proposta é que as Festas Locais sexan Santa Liberata ou o Carme, calquera das dúas; Santa Liberata parécenos correcto; pero que despois se incorpore a festa do 1º de Marzo como festa local, que para o ano que ven cadra en lúns. Esa é a nosa proposta: Santa Liberata e 1º de Marzo.

SR.FERNANDEZ, BNG.-Fixemos unha proposta na Comisión Informativa, non sabemos ó final en que quedou, non sabemos se van aceptála ou no, pero a nosa proposta a vimos repetindo dende fai varios anos: é primordial que se potencie a festa de San Cosme e San Damián porque creemos que é a única romería que queda no Val Miñor e no entorno, unha romería moi bonita, e creo que facendo este día Festa Local se potenciaría aínda máis, entre outras medidas que habería que tomar dende a Concellería de Turismo; en todo caso, para o ano que ven non sería necesario xa que coincide en fin de semana, polo que nos parece ben a proposta que fan vostedes da Virxe do Carmen por ser un día moi vinculado ós mariñeiros e a todo o seu entorno; nos parece correcto; pero seguimos discrepando en que o día 20 de xullo sexa Festa Local; Ilo volvemos a dicir: o día 20 de xullo se entera de que é Festa Local a xente que vive no casco de Baiona e os que van á procesión de Santa Liberata; o resto, nas parroquias, non se entera ninguén, e o resto das parroquias tamén son Concello. O único que fan vostedes é: "Baiona, casco; Baiona, casco", e ás parroquias as deixan sempre de lado, nos orzamentos, nas Festas Locais, e en tódolos eidos.

A nosa proposta é moi sinxela: que cada ano unha parroquia sexa, de maneira rotativa, Festa Local. Un ano Bahiña, outro ano Belesar, outro ano Baredo, etc., polo orden que vostedes queiran; pero vostedes non aceptan polos compromisos eclesiásticos que teñen, así de claro; polas ataduras co clero, esa é a verdade.

Sr.Vilar, perdóneme que o diga, pero a vostede coller un día de Festa Local por San Lorenzo de Belesar é que lle sona a chino; ¿cómo vai unha persoa do casco de Baiona facer festa polo día de San Lorenzo, ou de Santa Cristina, ou da Virxen da Cela, ou de Santa Mariña?, de ningunha maneira; as festas locais, todas en Baiona, no casco de Baiona; o resto non somos Concello, non somos Parroquias, non somos veciños; para as parroquias: o resto sempre.

Vou a contestar tamén ó que me dixou antes e o Alcalde non me deixou falar e me dixou que podería continuar durante o Pleno e así o vou a facer: hoxe aquí hai moitísima xente, pero podería haber máis se os Plenos se fixeran ás 8 da tarde, cousa que a vostedes nunca lle interesou; pero non só a vostedes: a outros tamén. Se acaso, Sr.Alcalde, nós firmamoslle hoxe mesmo que a partir de agora os Plenos sexan ás 8 da tarde; non lle quepa ningunha dúbida.

SR.ALCALDE.- Pena que non llo dixeran no seu día ó señor Carlos de la Peña.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Xa o dixemos: a vostedes, e a outros tamén; escoite ben cando falo. Por nós que non sexa; hoxe mesmo firmamos un documento, un acordo.

Pero¿sabe porqué está aquí tanta xente?, polo cabreo que teñen dentro, porque o PP presentou, e vostede tamén (que asinou a Moción no mes de febreiro), esixíndolle á Xunta que reparara o Colexio de Fontes, e vostedes utilizaron e enganaron ós pais e ás nais dos nenos de Fontes; lle vou a leer palabras textuais da Concelleira de Educación: "comprométome, despois das eleccións, a reparar os baños antes de setembro", palabras suas, señora Ani, "acompañaremos ás protestas a onde vaiandes", pois xa empezaron, xa pode vostede modificar a súa axenda para acompañálas; esperemos que a partir de hoxe se acaben as manifestacións da ANPA de Bahiña, así o desexo, polo ben de todos. Sr.Alcalde, e Sr.Cardíño, vostedes dixeran, llo recordo: "Se gaña o PP, o Colexio de Fontes tería unha reforma total", e ata pedían ascensores cando aínda



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

non sabían que ían a ganar a Xunta, e o único que fixeron foi colocar un portal; esa é a triste realidade.

SR.ALCALDE.- Céntrese no punto da Orde do Día. Fale o que queira en Rogos e Preguntas. Lástima que nos últimos 4 anos vostede estaba desaparecido. Acabe o punto.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Me vou a ceñir ao punto da Orde do Día estrictamente se vostede se compromete a aprobar a Moción de Urgencia; senón, non.

A propósito do que acaba de decir vostede me parece indignante, propio dun país tercermundista, máis ben dirixido por dictadores, que vostede e a concelleira de Educación, Ani, se atrevan a chamar ós membros da AMPA e á Presidenta da AMPA de Fontes para decirlle que van a tomar medidas legais por consentir cunha deputada e dous concelleiros de Baiona visiten as instalacións de Fontes; me parece unha vergoña, iso o fai un dictador; lle esixo a vostede que pida desculpas porque iso é sairse de tono. Por hixiene democrática Sr.Alcalde, debería de facélo e quedaría como un caballero; non está dando o brazo a torcer; calentóns os temos todos e podemos soltar nun momento cousas que non desexamos, e vostede tamén o ten feito aquí e ten recapitado, e llo temos recoñecido; eu creo que non é de recibo, despois de 27 anos de democracia, que se chame a unha señora que está facendo unha función social dentro da presidencia dunha ANPA e se lle amenace, e se lle saque por diante da súa cara tódalas obras que ten feito nas súas propiedades e que tratan vostedes de estrangulálas. Vostede non debe de recurrir a eses medios porque fai moitos anos (cando vostede era pequeno), para conseguir o que temos hoxe, quen lle fala tivo que correr diante da Garda Civil moitas veces defendendo os dereitos democráticos que non tiñamos; despois de 27 anos isto non é de recibo, Sr.Alcalde; non se pode extorsionar a ninguén.

SR.ALCALDE.- Aclare cá é a proposta do BNG neste punto. Na Comisión dixo unha cousa e agora dí outra; a señora Secretaria non pode ter nada claro.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Para nós é prioritario que a festa de San Cosme, como romería tradicional que se se está perdendo, e a única que está quedando no Val Miñor e no entorno, é interese primordial potenciála; e unha maneira de facélo é crear ese día Festa Local. Este próximo ano non é preciso porque cae en fin de semana, polo tanto podemos recurrir a outro xogo; hai un día que é a festa do Carmen, que é unha festa moi vinculada a este pobo por ser un pobo mariñeiro, e outro día que non nos parece indicado que sexa Santa Liberata senón que debe trasladarse a unha parroquia; lles deixo a vostedes que elixan empezar pola parroquia que queiran, me dá igual, pero cada ano que sexa unha parroquia; isto mesmo se fai no Concello de Nigrán dende fai moitos anos e a día de hoxe está resultando perfecto; hai moita xente de Baiona que traballa en Nigrán e este ano tiveron a festividade de San Xoán de Panxón como Festa Local de todo Nigrán, e San Pedro da Ramallosa, tamén Festa local. Creo que a nosa proposta é factible e tódolos veciños das Parroquias, e de Baiona en xeral, no lo van a agradecer. Nada máis, moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Se está utilizando a demagogia neste punto. Decir en primer lugar que as posibilidades de celebrar as Festas locais de Baiona son o 1º de Marzo, o 16 de xullo que é o día do Carmen, o 20 de xullo que é Santa Liberata, o 26 de setembro, San Cosme, o 3 de agosto que é o lúns da Anunciada, e o tema das parroquias; e quero aclarar o seguinte: evidentemente as festas coinciden en dous días do verán, no mes de xullo, o que pode favorecer ós traballadores da banca e ós funcionarios, pero en cambio hai moita xente que non está dacordo, especialmente o comercio, de feito hai comerciantes que se queixan desas dúas festas seguidas, pero que eu saiba ACEBA nunca presentou ningunha proposta alternativa; se presentara unha proposta porque os seus asociados queren cambiar as datas destas festas, se estudaríase, pero non chegounos ningunha proposta neste senso.

Cada ano hai que facer un plantexamento; con relación ás deste ano, o 1º de marzo coincide en lúns, o que quer decir que teríamos que empezar os actos da Arribada un vénres ou un sábado



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

do mes de febreiro co cal quedarían moi próximos ós carnavales, polo que se descartou esa posibilidade e se traslada a celebración do 1º de marzo ó fin de semana seguinte; isto é lóxico para que non quede ese día dentro do mes de febreiro; é un plantexamento correcto xa que ademais o 28 de febreiro é o Día de Andalucía, lóxico posto que estamos irmanados con dous pobos de Andalucía e parece normal que non se adiante a festividade do 1º de marzo senón que se pospoña á semana seguinte, máxime neste ano que o 1º de marzo é lúns.

En canto ó día 16 de xullo, xa plantexamos o ano pasado facer este día a festa do Carmen, dixeron que non querían, nos sorprendeu o tema porque logo houbo procesión e actos festivos o 16 de xullo; este ano, como van a repetir eses actos e cadra en vénres, parece lóxico que se designe o día do Carmen tal e como está ahí previsto; se os mariñeiros fan a súa festa profana e relixiosa o día 16, que é un vénres, pois lóxicamente será unha festa coa que todo o mundo estará dacordo para este próximo ano.

O día 20 de xullo, Santa Liberata; a mín, persoalmente, se me deran a elixir entre Santa Liberata e San Cosme eu penso que o lóxico sería facer a festa de San Cosme porque coincide co curso escolar e é unha festa perfectamente aceptada en todo o Municipio, pero dá a casualidade de que para este próximo ano cae en domingo, sábado ou domingo, é fin de semana, polo tanto queda descartado; entón non queda máis remedio que mantér a opción de Santa Liberata, senón teríamos que elixir entre ese día ou o día 3 de agosto, que é o lúns da Anunciada, que non é fixo tampouco, porque o próximo ano o día 1 é domingo e xa con toda seguridade se vai trasladar esa festa para o segundo domingo de agosto; polo tanto facer o lúns da Anunciada Festa Local queda descartado se temos en conta que o Carmen é un vénres. A proposta que facemos das dúas festividade é lóxica.

Vostede plantexou o tema das parroquias e quero decirlle que nós, a Corporación municipal, acudimos a tódalas festas nas parroquias e quen non acude é vostede; non diga que non, son festas de Santos e vostede non acude as procesións; eu non lle digo que vaia a Misa, pero polo menos faga presenza testimonial, tome un viño cos paisanos; eu non o teño visto; invítolle a que acuda o día 10 a Belesar, alí fan os veciños un chiringuito, charlamos, etc., e vostede non vai nunca.

E quero decirlle outra cousa: non compare nunca o Concello de Nigrán co Concello de Baiona; teñen unha estrutura distinta; Nigrán é un concello eminentemente parroquial e tódalas parroquias teñen un mesmo peso específico. Baiona é un Concello urbano, cunha estrutura completamente distinta; aquí hai unhas tradicións que son aceptadas pola maioría da xente e cando nós tomamos unha decisión con respecto ás festas locais facemos o análisis que lle acabo de facer; creemos que hai que mantér esa flexibilidade e para o ano encaixan perfectamente as Festas o 16 de xullo, que é a Anunciada, e o día 20 que é Santa Liberata; e repito que eu a nivel persoal, e xa aquí o plantexei nalgunha ocasión, que por certo votáramos e houbo un pacto entre PP e PSOE, sacouse o tema adiante defendendo a festa de Santa Liberata. Creo que a festa que máis temos que potenciar en Baiona é San Cosme, pero cando cadra en medio de semana, e non ten lóxica que estén os alumnos no colexio de Covaterreña e haxa unha romería tradicional ese mesmo día; eu son un gran amante da festa de San Cosme pero este ano cadra en fin de semana e polo tanto queda descartado.

SR.ALCALDE.- Vou facer uns comentarios porque como decía antes Manolo Vilar “a veces quen cala otorga”; este é un Pleno que se quer utilizar demagoxicamente; é certo que hai unhas demandas lóxicas pero este goberno leva discutindo con quen ten que ser, que é precisamente a Xunta de Galicia, recordar que nun Pleno fai 6 ou 7 meses se acordou que fomos recibidos polo Delegado da Consellería para explicarlle os problemas que hai en Fontes e nós non queríamos para nada falar dun tema concreto, queríamos falar dun proxecto de Colexio en xeral debido a que ten máis de 28 anos e merecía unha remodelación importante; queríamos saber o que pensaba a Consellería sobre este tema e por iso pedimos a cita co señor Delegado, e non nos recibiu nunca; sí recibiu a unha representación da ANPA creo que unhas semanas antes das eleccións; os resultados das cartas, e a non entrevista, é que nos presupostos da Xunta para este ano, que debía estar xa encadrado e planificado, pois desgraciadamente non contaron para



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

nada co Colexio de Fontes; sí contaron por exemplo, co colexio de Soutomaior, e fixeron unha remodelación total dos baños; pero con Fontes non contaron.

Nas primeiras visitas que fixemos para falar co novo Secretario Xeral da Consellería de Educación, o señor Vázquez, plantexamos os problemas importantes, urxentes, (descubertos por certo polos técnicos municipais), como era o tema eléctrico e os baños, como unha prioridade; tras esa charla, e cos técnicos da Consellería, se decidiu facer isto; se decidiu, de forma urxente, aínda que non estivera presupostado, buscar a financiación inmediata para o tema eléctrico, e facer xa un anteproxecto dos baños, que foi confirmado en visita do Xefe territorial, onde estiveron os representantes da ANPA (non estivo a directora do Colexio porque nese momento non estaba en Baiona), e onde se adquiriu un compromiso presentando un anteproxecto. Conto como anécdota que nese anteproxecto está contemplado anular un baño de profesores para facer ún para discapacitados, porque lóxicamente os nosos plantexamentos van moito máis alá: aplicar os temas de accesibilidade en proxectos que sexan realmente obras de futuro para o Colexio.

Desgraciadamente o BNG, nestes días, está utilizando demagóxicamente esta situación; nós estamos facendo obras continuamente e o BNG botouse ó monte de despois de estar 4 anos desaparecido, a señora Carmen Adán formou parte do bipartito e non apareceu por Fontes nunca, nin fixo nin moveu unha coma para facer ningunha inversión en Fontes, e agora estamos na situación que estamos.

Plantexando o que a realidade marca, que son as melloras no Colexio, creo que, como decía antes Manolo Vilar, hai que dar un voto de confianza á Consellería que acaba de empezar; senón é así, veremos lóxicamente que pode haber outro tipo de intereses que nadie debería defender.

Xose Enrique, máis demagogia sobre o horario de Plenos. Este horario está fixado dende fai 6 anos e foi por votación do PSOE e BNG cando estaban gobernando xuntos; segunda demagogia: o tema de que as parroquias están olvidadas e que vós sí que coidades délas, mira: no Caeiro hai saneamento xusto ata teu chalet, por enriba non hai, e o Colexio de Fontes ten saneamento dende que entramos nós; con vostede non tiña saneamento, como tampouco o tiña o Colexio de Belesar; esas son obras que fixo este equipo de goberno sendo eu Alcalde. Por tanto, demagogia, a xusta. Vostede comentou nun Pleno que está grabado que o saneamento na Granxa era moi caro; claro, é máis barato facélo na rúa Elduayen; efectivamente, é certo.

En relación co tema dos Santos; cada ún ten a relación que quer coa Igrexa, é un tema de crear, un tema de conciencia; pero eu penso que San Lorenzo é tan santo como Santa Liberata; a Virxen da Cela é tan santa como Santa Liberata; vostede dí que nós temos unha relación especial coa Igrexa; pois as festas nas Parroquias tamén son por un tema eclesiástico. Isto é facer demagogia pola sua parte unha vez máis.

O Sr.Xose Enrique Fernández o problema que ten é que perdeu o goberno cando estaba no Concello, perdeu o goberno da Xunta, e agora ten que voltar a onde ten que estar, que é na rúa; é así de triste.

SR.RODAL, PP.- Este punto en la Comisión Informativa no duró más de 2 minutos y aquí ya llevamos media hora hablando de las Fiestas Locales.

Decirle al Sr.Lores que el año pasado, exactamente en este mismo escenario, un 31 de julio usted dijo que estaban de acuerdo con la festividad de Santa Liberata pero no con la del día 3 de la Anunciada, que sí estaban de acuerdo con el día del Carmen, que parece que tiene un poco más de interés pero que realmente les daba igual y que se iban a abstener; me sorprende, porque este año sí metemos la festividad del Carmen y usted sale con el tema de la Arribada; usted hace un año dijo ésto remitiéndose al año anterior.

Sr.Fernández, parece ser que solamente usted defiende a las parroquias, solo usted pasea por ellas, siempre nos dice lo mismo; decirle que no le creo, lo hace solo ultimamente; también está equivocado respecto a Nigrán, no siguen ese procedimiento con las parroquias, ellos tienen siempre la festividad de San Juan, el 24 de junio, y San Pedro el 29, como este año, y coinciden en una semana dos festivos; como mucho varían, si San Pedro es festivo, por San Felix; no pasan por todas las parroquias como usted dice; eso no es cierto; y ahora mismo está



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

gobernando el PSOE con el BNG. No es cierto lo que dice, usted miente muchísimo, lo que pasa es que cuando miente nosotros no nos acaloramos tanto como le acaba de pasar a usted.

SR.LORES, PSOE.- Non pretendemos facer unha subasta de Santos; temos claro o noso criterio: debe haber unha festa relixiosa e unha festa laica; non tódolos Concellos teñen a oportunidade de ter unha festa laica como a nosa cun carácter importante a nivel galego, e incluso a nivel nacional, como é o 1º de marzo. Sempre dixemos que estabamos a favor do 1º de Marzo, o que pasou o ano pasado Sr.Rodal, é que era domingo, por iso decíamos que nos daba igual; o que non entendíamos moi ben era a festa da Anunciada, aínda que a respetamos.

Os nosos criterios seguirán sendo os mesmos: primeiro, que as Festas Locais sexan dúas datas fixas, como están en moitos Concellos, e que simplemente se varíen cando unha delas caiga en festivo porque iso axuda á programación das empresas e dos traballadores, como en todas partes, porque somos o único Concello da Provincia con tanta mobilidade nas festas locais, e que nun Pleno falemos media hora dos santos creo que soamente ocorre en Baiona.

O criterio noso é unha festa local laica e unha relixiosa, e que sexan fixas; que simplemente se varíe cando unha delas cae en domingo; o resto dámos exactamente o mesmo, respetamos a tódolos Santos pero non somos devotos de ningún deles, polo tanto parécenos correcto.

Tampouco entendemos moito que tendo a oportunidade de espallar as festas locais durante todo o calendario as concentremos en 4 días, parécenos que é un exceso. De tódolos xeitos, como tódolos anos, non vamos a entrar nunha loita e neste punto imonos a abster.

Como dí o Sr.Alcalde que quen cala otorga, e estase falando neste punto doutro punto, eu tamén teño algo que decir en canto ó tema de Fontes: indudablemente é algo xa moi antigo e é moi xusta a reivindicación dos pais e das nais, como xa se falou fai 6 ou 7 meses aquí nun Pleno, no que o PP, naquel momento, tiña moito interese neste tema e agora parece que ten moito interese en que isto non se trate. Este portavoz, xa daquela, comprometeuse a que o Delegado recibira ós pais e ás nais de Fontes, penso que así foi, e nesa entrevista acordáronse unha serie de inversións por parte da Consellería que agora parece que non poden ser; non sei exactamente cales foron os motivos naquel momento e que agora non poden ser.

Tamén naquel Pleno este portavoz dixo que había que diferenciar dúas cousas: unha é o mantemento, que depende dos servizos municipais, polo tanto non hai porque esperar a ningún orzamento da Consellería; o mínimo mantemento ten que facerse dende o Concello, non hai que darlle máis voltas: hai que mandar ós operarios municipais a arranxar os enchufes, baños, e todas esas obras menores, pero iso ten que facerse xa. E despois: as inversións; tanto a concelleira de Educación como o Alcalde, neste momento, teñen que negociar coa Consellería para que se fagan canto antes; pero repito que o mantemento ten que ser algo xa, para garantir un mínimo de seguridade para os alumnos, para os profesores, e para tódala comunidade escolar que está nese Centro, con data 1 de setembro que é cando comenza o colexio. Polo tanto, con data 1 de setembro, a seguridade e o mantemento teñen que estar resoltos por intervención directa do Concello, non lle demos máis voltas, fagámolo e punto; igual que facemos unha modificación de crédito, fagamos outra e aprobémola para que se solucione este tema; é unha prioridade, o ensino público é unha prioridade que o Concello ten que asumir. Pedimos ó Alcalde e ó grupo de goberno que faga o mantemento necesario para que o 1 de setembro esas aulas e eses baños estén en perfectas condicións de uso. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O final, Sr.Vilar, todos caen pola boca; decía vostede que van a pedir consultas a ACEBA (a pena é que se nos marchou o Presidente) para ver que opinan eles, e que eles marcarían o calendario; ACEBA non so marca o calendario deste goberno en materia de Festas Locais, ACEBA marca o calendario tamén con respecto á seguridade de Baiona; ¿e sabe porqué lle digo isto?, porque o outro día un empresario me dixo que nunha reunión do goberno local con ACEBA, ACEBA plantexou que a seguridade de Baiona estivera baixo o control da Garda Civil e non da Policía Local; iso, Sr.Vilar, agora me fai entender as situacións que levamos vividos estes últimos días nas Festas do Carmen e da Anunciada; e lle vou a decir unha cousa: eu estiven na festa do Carmen a noite que lle racharon a cabeza a un rapáz na zona do botellón; estiven



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

nese momento e chegou a Policía Local, se dirixiron ó sitio, e chegaron 4 patruls da Garda Civil, aparcaron encima da acera, baixaron remangados.

SR.ALCALDE.- Isto non ten nada que ver co punto que estamos tratando. Fale das festas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Estamos falando das festas; baixaron remangados, con guantes negros, e cada ún cunha porra na má, dereitos ó botellón; ¿vostede se pode imaxinar o lío que se pode armar se hai rapaces de 20 anos, ou menos, en estado ebrio, no momento en que perdan un pouco o control?, ¿4.000 persoas con 10 gardas civís diante?, bueno, pois iso sucedeu a noite do Carmen; pero é que o fin de semana pasado tamén había un rapáz sangrando polos oídos na porta dunha importante discoteca, dentro da discoteca, e ensangrentado tamén estaba o porteiro, pero o porteiro ós cinco minutos tiña unha vestimenta limpa, sen ningún rasguño; o rapáz marchou para POVISA sangrando polos oídos. Chegou a Garda Civil e o único que fixo foi dirixirse ós porteiros, cun compadreo inusual, estaba eu alí para vélo; iso non é de recibo; llo digo Sr.Alcalde para que tome as medidas oportunos.

Dixo vostede que ía consultálo con ACEBA; para vostede é máis importante a opinión de ACEBA con respecto ás festas locais que a opinión do BNG; pois mire, nós temos máis de 700 votos e representamos a máis de 700 persoas deste Concello; vostedes gañan sempre porque representan a máis xente, pero é que ACEBA non son 700 persoas nin a metade siquera; polo tanto lle pediría que tivera en conta a nosa proposta.

Tamén falou que si en febreiro coincide co Entroido; non se preocupe do Entroido; se gastaron 60.000 euros en Manolo Escobar, pero Entroido en Baiona este ano non houbo; ou sexa que non se preocupe.

Dixo vostede tamén "Baiona é urbán", os veciños o escoitaron; ese é o gran problema de Manolo Vilar en todos estes anos: que "Baiona é urbán", e tódalas inversións e todo canto se fai en Baiona é soamente para o casco, nin máis nin menos, por iso pasa o que pasa.

Sr.Alcalde, fixo vostede unha intervención que non ten desperdicio ningún; para vostede tódolo que decimos nós é demagogia, demagogia pura; pero mire, a Consellería de Educación, do Sr.Fejjoo, non terá diñeiro para arranxar 4 grifos do Colexio de Fontes pero tivo 400.000 euros para facer unha enquisa preguntando aos veciños, ós pais e ás nais, se querían que os nenos tiveran as clases en galego ou en castelán; para iso sí superon buscar cartos: 400.000 euros para unha enquisa ilegal; non é en absoluto vinculante; ¿por quen estivo controlada esa enquisa?, por vostedes, tipo pais tercermundista, como en Irak, e apareceron máis votos que votantes; claro que vostedes están acostumados a iso porque de América votan ata os mortos polo PP.

Recordarlle tamén que foi en febreiro cando presentaron vostedes a Moción da que falaba, moción que rexeitaba unha enmenda do BNG, e eu lle dixen que tal e como ía a Moción non ía a servir absolutamente para nada, e a proba está aquí hoxe: non servíu en absoluto para nada.

Dí tamén vostede, e presume, de que na Xunta de Galicia, con este novo goberno, hai moitos proxectos; proxectos haberá moitos, pero obras non hai ningunha; a compañeira Carmen Adán, a quen vostede mencionou, era a Secretaria Xeral de Benestar e Igualdade; a Consellería que levaba o compañeiro Anxo Quintana foi a que asinou os investimentos da galescola que se fixo en Baiona e de máis de 600.000 euros para un Centro de Día gobernando o PP neste Concello que ten vostede paralizado dende fai máis de 1 ano; iso foi o que fixo a Consellería de Anxo Quintana, portavoz nacional do BNG; e Fontes non era a súa área porque él estaba en Benestar, non estaba en Educación, non mezcle vostede, porque entón se resulta que a Consellería de Educación agora mesmo non ten orzamento pois acuda vostede a outra Consellería para que aplique orzamento no Colexio de Fontes, vamos a usar para todos o mesmo raseiro, non sexa vostede tan fino.

E dí tamén que a ver porqué non fixemos nós tódalas obras que non fixemos, mire, é que eu estiven 18 meses gobernando neste Concello e vostedes están dende Cristobal Colón cos Reis Católicos; polo tanto non me veña decindo a mín "fixen máis eu"; faga unha estadística dos saneamentos que se fixeron no 2003-2004 e faga unha lista dos saneamentos que fixo o PP en tódolos anos de historia deste Concello; faga unha lista e compare, e despois falamos.

Para rematar, Sr.Alcalde, é vergonzoso o informe que lle mandou vostede ó Valedor do Pobo; é vergonzoso que vostede presuma duns moveis que se fixeron para o comedor e que mandei



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

facélos eu no ano 2003, é vergonzoso; non ten desperdicio que vostede presuma de haber ordenado facer un piso de parquet flotante cando foron os pais e as nais os que o puxeron e os que o pagaron; señora Ani, vostede terá algo que decir aquí porque iso é pasarse tres pobos, iso é enganar ó Valedor do Pobo; digan vostedes o que fixeron no último ano, nos últimos anos, nesta lexislatura, pero non vaian vostedes a anos e anos atrás; di: "retirar estruturas metálicas patio exterior y uralitas", ¿foron dos temporais aqueles das inundacións de Sabaris!, pero vamos a ver ¿qué pretendían, deixálos alí ou qué?.

A Orde do Día a fai o Alcalde, e fixo unha intervención sobre o Colexio de Fontes, eu contestolle. "Colocación de hormigón pulido en la pista de baloncesto", que por certo, mancha.

SR.ALCALDE.- Acabe o punto da orde do Día, senón pasarei a palabra ó seguinte concelleiro.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non se altere, está vostede perdendo o control. Eu non quero crear aquí un conflito, quero resolvelo; pero se vostede fai unha intervención eu lle contesto.

SR.ALCALDE.- Fago as intervencións que me dá a gana como Presidente deste Pleno.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu tamén como concelleiro.

SR.VILAR, CMÑ.- Con relación ás Festas Locais creo que xa quedou claro o noso razonamento, é bastante completo e espero que o entenderan.

En canto á proposta que facía o Sr.Lores, decirlle, para súa tranquilidade e para tranquilidade de todos, que temos un plan de traballo de mantemento e conservación de todo o Concello en xeral, e un respecto escrupuloso ás iniciativas que se toman en cada Concellalía, e lle podo asegurar que a partir do día 20 de agosto que é cando menos nos adicamos a labores de mantemento ós Colexios, a concellería de Vías e Obras (que levamos tamén o tema do mantemento e conservación) vamos a facer nos Centros todo aquilo que nos marque a concelleira de Educación que lóxicamente é a que ten que marcar as prioridades, e creemos que sabe moi ben o que hai que facer en cada Centro. Por elo queremos transmitir a todos que as labores de mantemento se van a facer como sempre, seguindo as directrices que nos marque a Consellería de Educación; non vamos a baixar a garda en absoluto no mantemento e conservación dos Colexios. Creo que o BNG se está tirando ó monte; se vostede vai a Gondomar, alí están con pancartas. Quero dicir ós pais dos nenos do Colexio de Fontes, ós que eu aprecio xa que moitos dos que están alí foron alumnos meus e lles teño un gran cariño, que vamos a darlles unha resposta satisfactoria, que non se deixen manipular por eses "cantos de sirena" do BNG, todos sabemos a que conducen esas manipulacións; todos somos maiorciños; o mellor para a Educación é non crear conflitos, que os nenos acudan ó Colexio con alegría e pensen que todos estamos no mesmo barco e que queremos o mellor para a educación pública.

SR.ALCALDE.- Creo que quedó algo en entredicho y me parece muy grave como para no citarlo, y es que desde el Concello de Baiona se valora de forma importante el trabajo que realiza tanto la Policía como la Guardia Civil; eso que se dejó entrever de que si hubo ó no hubo actitudes determinadas es un tema muy grave, máxime cuando ocorreu hace unos días el grave asesinato de dos Guardias Civiles; me parece que está fuera de lugar; tanto la Policía Local como la Guardia Civil hacen un gran trabajo en el Ayuntamiento de Baiona y por lo tanto pido el máximo respeto a la actuación de las Fuerzas de Seguridad. Procedemos a la votación de la enmienda del BNG.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Co día 16 estamos dacordo; a enmienda é que a segunda Festa Local sexa rotativa alternativamente e anualmente entre as Parroquias.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da enmienda do BNG, en canto á rotación entre as Parroquias da celebración dunha data como Festa Local, resultando: votos a favor, 2, BNG; votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 5 abstencións, PSOE. Polo cal rexeitase a enmienda do BNG.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); abstencións, 7 (5,PSOE; 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría absoluta, ACORDA:

Primeiro.- APROBAR como Festas Locais en Baiona para o ano 2010:

- Festividade do Carmen: 16 de xullo de 2010.
- Festividade de Santa Liberata: 20 de xullo de 2010.

Segundo.- Remitir este acordo á Consellería de Traballo.

6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE RELATIVA A CONSTITUCION DUNHA COMISION PARA ELABORAR UN PLAN DE EMPREGO.

SR.LORES, PSOE, procede á lectura da seguinte MOCION:

“ A crise económica que estamos a sufrir fai que moitas familias do noso Concello se atopen e unha situación preocupante. O Concello non pode permanecer como espectador desta situación, é necesaria a intervención da Corporación Municipal para garantir que o emprego xerado tanto pola inversión pública directo como polas contratas e empresas privadas, así como o emprego xerado pola prestación de servizos chegue ás persoas e familias máis necesitadas.

O Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta MOCION para que adopte o seguinte acordo:

- Que se constituía unha Comisión con representantes de tódolos grupos municipais para elaborar un “Plan de Emprego municipal”. En dito Plan deberanse marcar os criterios de selección así como a modalidade e duración dos contratos.

CONTINUA.- Atopámonos neste momento cun número de parados en Baiona, según o paro rexistrado no mes de xuño, que ronda as 1.000 persoas, polo tanto é unha situación preocupante, non é que sexa nin máis nin menos co resto dos Concellos de España, pero sí é preocupante; entendemos que hai 1.000 persoas que están vivindo unha situación precaria. Como representantes de parte dos veciños e veciñas de Baiona o menos que debemos é facernos eco desta necesidade e tratar de dar algunha iniciativa que dalgunha forma garantice que todas estas persoas poidan ver unha luz á saída dun túnel que para todos está resultando moi complicado. O que queremos dicir é que tanto por parte dos empregos que xenera directamente o Concello, como por parte de todas estas obras que contrata o Concello pero que son con fondos públicos, se faga unha Comisión de tódolos grupos municipais para que non sempre estén traballando os mesmos e non sempre teñamos que ter contratos de máxima duración; nós non pedimos estar nos Tribunais de selección posto que hai unha norma que o impide, pero sí que por parte da Corporación se marquen unhas directrices para sinalar que tipo de contratos se deben facer en cada obra e cales van a ser os criterios de selección, non a selección en sí mesma que quen a aplicaría sería o Tribunal seleccionador. Pedimos que por parte da Corporación se marquen as directrices que definan os contratos, que estes non sexan de máxima duración, que todas aquelas persoas que acaban de ser contratadas polo Concello pasen a percibir unha prestación e que se inclúa nos novos contratos á xente que non estaba



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

traballando; iso pode dar pé a que haxa máis xente con posibilidades de contratar no noso Concello e non estemos sempre reproducindo ás mesmas persoas nos contratos; porque podemos ver que hai persoas (con tódolo dereito), eu non digo nomes, que están traballando sistematicamente durante 2 ou 3 anos, e hai outras que non poden acceder a ningún tipo de contrato.

Sería un pouco regular o tipo de acceso ós contratos para que tódolos veciños de Baiona poidan ter a posibilidade de traballar ou no Concello ou nas empresas que, por algún tipo de mediación, están traballando para o Concello. Ese é o sentir desta Moción; é unha moción que intenta pór de manifesto a sensibilidade de moita da nosa poboación que está nun momento moi complicado. Pedimos o apoio para esta Moción, ou a posibilidade de chegar a algún tipo de acordo neste sentido. Moitas grazas.

SRA.SILVA, PP.- A esta moción vamos a votar en contra; vou dar unha explicación: o total de desempregados nestes momentos é de 811 persoas; o especificarei por sectores: sector de agricultura, ganadería e pesca, 26; sector de industria, 118; sector de construción, 122, e sector servizos, 437 persoas; sen emprego anterior, 99 persoas. En canto ó tema dos criterios de selección dende as diferentes Administracións se veñen sacando varios plans de contratacións; hai varias fórmulas, o que é a contratación directa sabe que ven directamente da Administración Pública e por ente a Administración Local como parte integrante da mesma está presidida polos principios constitucionais de publicidade, mérito e capacidade, que deberán presidir os devanditos procesos, tal e como recolle o artigo 55 da Lei 2/2007 do Estatuto básico de emprego público.

Creo que non teño que seguir facendo referencia a máis artigos; co cal, por esa parte, hai que seguir os criterios que a Lei marca; a Administración Pública, e por ente a Administración Local, cando se trata de contratación, pois ten que seguir estes criterios.

Sí podo dicir que este ano, en canto á contratación directa por parte do Concello, incrementouse, aínda que o Concello ten menos presuposto, principalmente do Estado, que se nos recortou, e aínda así incrementamos as contratacións que vou a relatar: persoal de limpeza, 6 postos de traballo, unha muller e 5 homes; plan de obra pública, 1 posto de traballo, 1 home; oficial de cantería, 1 posto de traballo, 1 home; auxiliares de Policía Local: 8 postos, unha muller e 7 homes; técnico en Turismo, un posto: unha muller; arquitecto técnico para a normativa de Hábitat: 1 posto: unha muller; traballadora social: 1 posto, unha muller; auxiliares administrativos: 5 mulleres; socorristas nauticos para as praias: 6 postos de traballo, 3 homes e 3 mulleres; operarios chófer maquinaria: 3 postos de traballo, 3 homes; conserxe para o Colexio de Covaterreña, 1 home; ou sexa, hemos incrementado pese á diminución que tivemos por parte doutras Administracións.

O que se refire a Cooperación se manteñen como criterios valiables e recollidos nas preceptivas Bases de convocatoria que regulan estes procesos selectivos, xa teñen uns criterios establecidos polo cal por moito seguimento que fagamos nós pois non podemos modificálo.

En Cooperación lles podo redactar os procesos de selección que se manteñen, por orde de preferencia, persoas discapacitadas e pertencentes ós colectivos en risco de exclusión (isto ven sendo dende que existen estes programas); demandantes que teñan incluído no seu itinerario personalizado de inserción a realización dunha acción de adquisición de experiencia profesional que sexan parados ou paradas de longa duración, mulleres, mozos e homes, por esta orde; parados e paradas de longa duración, demandantes que teñan incluído no seu itinerario personalizado de inserción a realización dunha acción de adquisición de experiencia profesional, mulleres, mozos e homes, por esta orde, que non teñan a condición de parados e paradas de longa duración. Así mesmo téñese en conta os seguintes criterios: o nivel de protección, por desemprego das posibles persoas beneficiarias, existencia de responsabilidades familiares (entendéndose por éstas ter ó cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate ó cónsuxe, fillos e fillas menores de 26 anos, e persoas maiores incapacitadas, ou menores acollidos na súa casa); concurrencia nos aspirantes da condición de vítimas da violencia; este ano, por resolución de 18 de xullo da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, debido a crisis, se establece no DOGA núm.120 do 22 de xullo de 2009, como colectivos prioritarios para



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

acceder ós Programas de Cooperación do ano 2009 as persoas paradas que consumiesen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego á que tiñan dereito. Ditas medidas xa están sendo aplicadas polos servizos técnicos municipais de Emprego na elaboración das bases de convocatoria previo visado da Secretaría Xeral do Concello, en base ó que dixeran: ás bases que temos que seguir para a contratación local, polo artigo citado.

Por outra parte, contratacións da Deputación, que seguen as súas Bases internas; e por outra banda, tamén dende a Concellería de Traballo, que aínda que son competencias propias do Servizo de Emprego, isto é algo que se está facendo dende esta Concellería, non teño indicios nin sei doutros Concellos que o fagan, se está mantendo unha base de datos, curriculums vitais, dos demandantes de emprego clasificados en base ás súas competencias e habilidades profesionais, e ámbitos de búsqueda. Base que serve para cando algún empresario solicita ó Concello traballadores dun sector ou actividades productivas, entón se lle manda, primeiro en base ó que demanda o empresario, e despois seguimos, este ano máis que nunca, o que é o programa de Cooperación. Se aplican os criterios de valoración en base á maior dificultade de inserción, si son maiores de 45 anos, mozos e mozas menores de 30, parados de longa duración (que son aqueles que levan máis de 24 meses en desemprego), persoas que deixasen de percibir a prestación, etc.

Tamén estásen pondo en marcha obradoiros dende a Concellaría de Traballo, e estáñse elaborando accións dende a mesma para xente que quere abrir unha empresa; é dicir, se están facendo diversas actuacións dende esta Concellaría que van máis alá do que é a orientación, estamos indo un pouquiño máis alá.

Podo resumirle tamén as contratacións que se fixeron no Concello por parte de Cooperación, Deputación, e demáis, dicir que o Concello subiu máis dun 4%, o que se fixo por cooperación un 40% respecto ó ano pasado; por Deputación, un 20%; e polo Plan Estatal, un 39% aproximadamente.

O que sí podo dicir é que esta concelleira, aparte de levar 3 áreas un pouco difíciles, nestes tempos as peores, e o estou vivindo directamente, o que nunca faría é demagogia con estes temas; mire vostede, por moito que a Administración Local queiramos facer, por desgracia este tema non o vamos a resolver nós; o tema do desemprego é xeneralizado; os que teñen competencia son outras Administracións, sobre todo a estatal, que é quen ten que mediar entre os axentes sociais e empresariais. Dende a Administración Local estamos facendo todo o que podemos e máis. Xa digo que a mín non me gustaría dentro dunha semana firmar un Convenio cunha ONG ou con comercios de Baiona e ter que meter unha cantidade de diñeiro para que poida esta ONG facerse con alimentos, porque iso o reciben da Comunidade Europea, e do Concello axuda directa; gustaríame que non tivera que seguir mandando familias a comer, seguir tramitando RISGAS, pero por desgracia é o que temos, independentemente de quen esté gobernando nos Concellos; non creo que teñan culpa nin os concelleiros que gobernan nun Concello, nin do PP, nin do BNG, nin do PSOE; ao mellor a responsabilidade ten que recaer noutros ámbitos.

Voulle leer unha carta que acaba de chegar da Xunta de Galicia, e ao mellor habería que elevar outra Moción, pero para petición ó Estado, para que se fixera verdaderamente cargo da actuación que estamos mantendo os Concellos e non estar quitándonos o único que tiñamos, por exemplo, na Concellaría de Igualdade, que eran cursos de novas tecnoloxías para mulleres vítimas de violencia de xénero, cursos que este ano por desgracia temos que sufragar totalmente e antes viñan do Estado. Vou a leer a carta, isto é o que necesitamos, señores, que nos axuden ós que nos teñen que axudar, porque o Concello somos os usuarios, somos a xente que está aquí e fora, e cos nosos impostos directos non podemos sufragar todo isto; o que non podemos é endeudar a un Concello para xenerar traballo; non sei si é o que pretenden; o emprego hai que xeneralo dende outros sitios, e nós, por desgracia, o único que podemos é aguantar o que nos ven, porque a mín nunca se me ocurriría endeudar a miña familia para saír da crisis; a deuda temos que pagála igual. A solución non a temos nós; por desgracia a teñen que ter outros; nós, aguantar o temporal.

Leo a carta: *"Estimado Alcalde, dende o Goberno da Xunta de Galicia, especialmente desta Consellería, somos conscientes das dificultades que en moitos casos estádes a pasar (se refire a*



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

nós, ás Entidades Locais), para cumprir os compromisos cos vosos cidadáns, especialmente nos asuntos relacionados co benestar. Co fin de paliar no posible esta situación o Consello de Goberno da Xunta de Galicia do pasado día 30 aprobou una Orde pola que se modifica á do 1 de abril de 2009, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento de prestacións de servizos sociais polas Corporacións Locais.

O obxecto desta Orde é evitar que os Concellos teñan que esperar á execución dos proxectos para poder percibir a subvención, existindo a posibilidade de adiantálo. A Orde incrementa en algo de máis de 3 millóns de euros a cuantía total das subvencións."

Moitas grazas á Xunta de Galicia dende este Concello porque soamente nós, os que levamos estas áreas, sabemos o que estamos pasando. Isto é o que necesitamos, non demagogia; e ao mellor todos tiñamos que ir onde temos que ir a pedir solucións porque isto fúndese, isto non se sostén máis. Oxalá que dende os Municipios poideramos quitar de encima esta crisis; por desgracia non vai a ser así; temos que aguantar como podemos. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vostede ten a lección ben aprendida, señora Angeles; o digo porque o único que saben decir é que nós soamente facemos demagogia; os únicos que non fan demagogia aquí son vostedes. Me fai gracia porque estaba escoitando canto leva feito, todo o que contou, e me acordei do documento que lle mandaron ó Valedor do Pobo decindo que fixeran o comedor do Colexio de Fontes cando o había feito eu; mandei facélo eu; e non quero entrar no tema outra vez, simplemente é para facer a comparación.

Dixo vostede que creou, creo recordar, un 4% de traballo temporal, e resulta que o paro subiu dun ano a outro, do 6 do 9 a 6 do 8, subiu o 40,19%; vostede meteu o seu graniño de area, pero é un graniño nunha praia, ou sexa, nada; e non fixo postos de nova creación senón que sempre repetiu os mesmos; contrata vostede para cubrir postos necesarios. Fai un momentíño falamos da seguridade deste Concello, e a seguridade deste Concello está agora mesmo en dúbida e entrecomillada ¿sabe porqué?, porque o goberno do que vostede forma parte, e do que o Alcalde é Presidente, nos orzamentos non contempla as creacións de plazas da Policía Local que debera de contratar; por iso ten que acudir á Garda Civil, e actúa da maneira que actúa porque é un Corpo militar, e nós non creemos que sexa o máis axeitado ter un Corpo militar en medio da poboación civil para resolver problemas de ámbito civil, e digo isto porque o Alcalde distorsionou a miña intervención nese punto, creando confusiónismo, e eu non llo vou a consentir; os Corpos de Seguridade están cada ún para o que están, e neste Concello non se fan controis de alcoholemia porque ó Alcalde non lle interesa, porque ós empresarios non lle interesan que se fagan controis, por iso non se fan; e por iso os conflitos que existen coa Policía a día de hoxe.

A nós parécenos ben esta Moción, compañeiros do PSOE, porque cando hai desgoverno e o goberno non toma a sartén polo mango temos que ser os da oposición quen aportemos solucións; se vostedes son uns incompetentes en materia de creación de emprego, teremos que formar unha Comisión para darlle ideas e decirlles o que teñen que facer. E mire: non son 811 os parados de Baiona, son 893 a día de hoxe, según informe da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, 893.

Me fai gracia que presuman tanto da xestión que levan feito e resulta que é evidente (o vemos todos na rúa, aquí nos coñecemos todos), que os que contrata o Concello de Baiona sempre son os mesmos, sempre os mesmos: o fillo, o pai, a nai, o amigo, e a abuela, do concelleiro ou da concelleira Fulanito de Tal, sempre os mesmos; eu me pregunto ¿qué criterio utilizan para esas contratacións?, si é que hai que traer o carnet colgado da boca do PP ou se resulta que se ve o historial de cada traballador e se di "pois este señor ten 4 persoas na familia e está no paro e non ten recursos", ese é o criterio que hai que levar adiante, non o do carnet.

Lle digo que o criterio é que hai que seleccionar á xente e ver en qué condicións está esa familia, porque moitas non teñen ingresos de ningún tipo; esas persoas teñen que ser prioritarias Sr.Alcalde; teñen que ter prioridade, porque cando un pai de familia non ten diñeiro suficiente para levar a casa para dar de comer ós seus fillos pode facer calquer cousa, e non podemos entrar nesa materia. Neste Concello, a día de hoxe, hai moitas familias que están acudindo a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ONGS que realmente funcionan en Baiona (hai outras que daban as flores), pero as que funcionan, as que cando se lle dan alimentos non se lle pide o voto, esas que funcionan perfectamente, lle poden dar a vostede datos de cal é a realidade de Baiona, porque se estivera agora mesmo aquí algún representante desas ONGS estarialle fervendo a sangue de escoitála, señora concellala; non veña vostede a contarme historias que nadie cree, nesta Sala ninguén llas cree, que crearon non sei cantos postos e mete incluso nesa creación os postos creados por Cooperación, ou sexa, que xa lle veñen dados; fai vostede aquí unha mestura de velocidade e tociño que non se sabe onde empeza unha e onde acaba o outro.

O que sí fan ben, e sí se lles da ben, é crear votos cautivos; recordarlle cando chegan as eleccións que vostedes foron os que lles deron traballo aínda que fora por uns meses, iso sí que o saben facer ben; o que non saben facer ben é o resto da política. Dentro duns meses, me imaxino, aprobarase o segundo PXOU de Baiona, e ahí está reflexada claramente cal é a súa política municipal con respecto a tódolos eidos; o Plan Xeral dun Concello debe ser ún dos documentos máis importantes que se aproban no Concello e ¿qué pretenden vostedes facer?, máis do mesmo: pisos baleiros, chalets baleiros, vivendas de protección oficial as mínimas imprescindibles por lei, dous campos de golf (previsión no avance), e un polígono industrial que non se pode desenvolver, que estivo dende o ano 94 no anterior Plan e non se pudo desenvolver porque ten unhas pendientes no terreo tan agudas que non é rendible, é decir, vostedes xustifican que vai haber un polígono industrial en Bahiña pero que non se vai a poder desenvolver porque ós empresarios lles vai a sair tan caro que será máis barato ir a outro sitio. Ese é o reflexo, esa é a política do PP neste Concello; e claro, despois é máis fácil coller e botar balóns fora; é decir, cando está o bipartito na Xunta é que a culpa do bipartito; agora que cambia o partido, cambia a postura: a Xunta de Galicia nos apoia, nos manda cartos, etc. Deixense de coñas: que manden pasta, cantante e sonante; que manden o diñeiro, que o ingresen, despois falamos; e claro, queda atrás o Goberno Central, que non caíu nas mans do PP e hai que dinamitálo por onde sexa; tódolos males deste Concello son por culpa do Goberno Central.

Deputación, nas mans do PP; Concello, mans do PP; Xunta, mans do PP; Europa, nas mans do PP, e claro ¿a quen hai que botarlle as culpas?, ó Goberno Central; iso é o máis fácil; señora concelleira, iso sí que é demagogía. Non me extraña que vostedes voten que non porque como dende fai moitos anos son vostedes os do "non", votan que non a todo.

SR.VILAR, CMÑ.- Esta moción que presenta o PSOE é de aupa; esta moción dí que "os grupos municipais elaborem un Plan de Emprego municipal"; moción que, sen dúbida, procede dunha directriz política do partido e no seu lexítimo dereito as presenta nas Corporacións Municipais de toda España. Evidentemente estamos nunha situación de crisis, seríamos cegos senón o analizamos e non somos conscientes de que hai falta de creación de emprego neste país e en Baiona en concreto; os datos do paro no noso Concello son alarmantes pero isto é algo xeral en toda España; e aquí se pretende que os Concellos se impliquen para crear emprego; home, nós, os cartos que administramos son cartos públicos; creo que a política que están facendo nestes momentos o Goberno do Estado é sacar os fondos que hai na reserva para crear emprego, ¿ésta é unha solución?, nós pensamos que non porque quen ten que crear emprego é a Patronal e son as empresas, isto é evidente. Nós non podemos crear emprego dende a Administración Local, ¿para qué?, ¿para barrer calles, para facer obras do Plan E?, cando non hai necesidade, ao mellor, de ter xente contratada, porque nós non podemos abordálas. O que se falou de contratar á xente en función da súa necesidade sería un erro inmenso, creo que hai que contratar á xente en función da súa capacidade e dos seus méritos, nesta e en calquera outra empresa; senón facemos iso é que non valoramos a formación profesional, non valoramos os rendimentos que se deben ver nunha empresa, e chegaríamos a unha política socialista pura e dura onde o réxime máis representantivo é Cuba, onde todo o mundo vive do Estado e onde a miseria é total e absoluta.

Evidentemente hai unha gravísima crisis, e os Concellos non debemos caer neste xogo; aquí non se trata de botarlle a culpa ó Goberno Central pero realmente é quen ten o poder para



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

chegar a un gran acordo entre a Patronal e os Sindicatos para, dalgún xeito, xerar esa confianza que necesita a economía; senón se chega a ese gran acordo entón dificilmente se pode reactivar a economía; isto repercute en todo e ¿qué ocorre?: que evidentemente no próximo outono o Goberno de Estado estará nunha situación difícil, ou se consegue ese acordo ou o señor Zapatero terá que plantexarse un adiamento das eleccións; esa é a realidade: ou se consegue ese acordo e se dinamiza a economía ou terán que plantexarse adiantar as eleccións; e se o pobo de España, no seu conxunto, ratifica ó Sr.Zapatero teremos que ir a esa política e teremos que dicir “bueno, señores, aquí se acabou o mérito, se acabou a capacidade; vamos a contratar en función da necesidade, a Administración Pública, a todo o mundo, ata que isto revente por algún lado”. Este é, en resúmen, o gran problema que ten o PSOE actualmente gobernando, que pretende responsabilizar ós Concellos da creación do emprego, e os Concellos temos que dicir a esta Moción que “non” porque ese non é o noso cometido. Nós, se temos que crear emprego, temos que contratar á xente en función da lei, capacidade e méritos; e moitas veces se dá a paradoxa de cunha persoa que traballou no Concello volve a ser contratada porque ten máis puntos, porque iso é o que dí a Lei; non é porque nós queiramos saltarnos a Lei e que sexan sempre os mesmos; iso ten unha lóxica, se trata de manter un contrato o máis tempo posible a unha persoa, porque desgraciadamente quen ven unha vez e outra vez é que non ten un traballo estable e se trata de premiar a ese traballador para darlle unha estabilidade, porque os que estamos aquí falando temos ó fin e ó cabo un traballo estable e non nos damos conta realmente do que é a inestabilidade no traballo.

Nós temos que rexeitar esta moción de facto, é máis, non temos que entrar nela; Angeles deu uns bós argumentos de cal é a nosa realidade; traballou admirablemente e estou de acordo cos datos que deu e de ata onde temos nós capacidade. Hai que rexeitar de plano esta Moción; non entrar en absoluto nese xogo dende a Administración Local. Hai que dicir: “Sr.Presidente do Goberno de España, vostede ten a responsabilidade de xestionar a crisis económica; xenere confianza entre tódolos españoles, chegue a un acordo cos Sindicatos e a Patronal, e se vostede non é capaz de chegar a ese acordo adiante as eleccións; e se o pobo de España lle dá a vostede a confianza, perfecto; e senón que entren outros a gobernar”. A situación é gravísima e se vai a agravar no outono, porque todos sabemos que agora é verán e sempre xeneranse postos de traballo, co Plan Estatal, e que iso aminora as listas de paro, e posiblemente se faga outro plan estatal co obxeto de mantéla; pero esa non é a solución porque se están vaciando as arcas do Estado, se está pondo en perigo o que é o sistema de seguridade social, os Plans de pensións, é unha situación que a nós nos desborda; é unha decisión que ó fin e ó cabo ten que tomar o Goberno de España; e non digo isto por atacar ó goberno socialista de España, oxalá teña capacidade para resolver este problema.

Nesta situación de crisis eu me podo considerar un privilexiado, son funcionario do Estado, e como eu moita xente que é funcionaria, pero iso non soluciona o problema; ¿qué queremos, que todo o mundo sexa funcionario, que todo o mundo viva do Estado?, un país, cantos menos funcionarios teña, mellor, porque todos sabemos que os países con maior número de funcionarios teñen máis problemas para saír da crisis porque todo o mundo vive do Estado e iso non pode ser.

Quen ten que crear postos de traballo é a Patronal, a libre economía, son as empresas privadas, empresas como Citroen, e para que Citroen cree postos de traballo teñense que vender os coches, todo é unha gran cadena.

Sr.Presidente, o que temos que facer con esta Moción é rexeitála de plano e dicir que non é unha moción para traer a un Pleno; ten que ir por outra vía, non podemos caer neste xogo; se caemos neste xogo o que vamos é ter que contratar á xente pola súa necesidade e non pola súa capacidade e méritos, que é o que ten que defender a Administración Local.

Teño claro este tema e o que temos que facer ante esta moción do partido socialista, e repito: oxalá busquen as fórmulas para resolver este grave problema que temos en España.

SR.LORES, PSOE.- Como pouco sorpréndeme a actitude do PP e de CMÑ que son os responsables do goberno municipal; que ante un tema tan preocupante que os nosos veciños



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

están a vivir (e así o decía a concelleira, que hai situacións moi complicadas), que viren a cara e adopten esa actitude de ausencia de decisións. Indudablemente tódalas Administracións teñen a súa responsabilidade e dacordo co seu ámbito teñen que tomar iniciativas; o Goberno de España o está facendo, por suposto aberto á crítica; este Goberno da Xunta de Galicia de momento non fixo nada, pero acaba de empezar, non vamos a decir nada; o goberno da Deputación non está facendo nada máis que quitarlle autonomía ós Concellos e dar prioridade non á capacidade senón á familiaridade e afinidade, que eses sí que son criterios que non deberían estar nos contratos públicos e por iso ven esta Moción: capacidade, sí; méritos, sí; pero afinidade, non; e familiaridade, tampouco. Este é o sentido desta Moción, eliminar eses outros criterios.

O Concello de Baiona, como os demais Concellos, dentro do seu ámbito e das súas posibilidades, temos que facer algo, temos que comprometernos a facer o que poidamos facer; non vamos a solucionar o problema do paro no Estado, por suposto que non, pero podemos dar certa expectativa ós nosos veciños que neste momento pasan por unha situación complicada; creo que é unha obriga clara e concisa deste goberno e desta Corporación; e vaia por diante que tódalas medidas que vaian neste senso este grupo municipal dará o sí rotundo sen ningún tipo de dúbida, como sempre facemos con responsabilidade. Se por parte do Concello de Baiona se abre unha liña para xerar emprego e para dinamizar o pouco que temos, estaremos totalmente dacordo; porque xa non se trata de crear, a concelleira falaba de tódolos postos que se fixeron, evidentemente, según o paro rexistrado, non a EPA, que foi o dato que vostede deu; o paro rexistrado son 893, no mes de maio había 943, polo tanto houbo 60 postos de traballo que se meteron neste Concello, non na Administración Local pero sí no Concello; polo tanto, estáse xenerando emprego; pouco, pero estáse xenerando.

Non vou a discutir os datos que vostede nos deu, podo repetirlos agora mesmo, pero creo que non teñen interés; do que nós falamos é de dinamizar o pouco emprego que hai, de comprometernos a Corporación a intentar dar algunha solución á nosa problemática; olvidémonos do que ten que facer a Xunta de Galicia e do que ten que facer o Estado, que terán que facélo e haberá que pedir responsabilidades, pero tamén hai que pedir responsabilidade ó Concello de Baiona, que sí que ten algo que ver, porque senón marchemos todos e deixemos ós funcionarios; se tódalas solucións nos teñen que vir dadas ¿qué pintamos nós aquí?, aforremos estes cartos, vaimonos todos e que veñan funcionarios do Estado e de onde sexa; hai funcionarios moi competentes neste Concello e resolverían ese tipo de iniciativa; nós aquí non pintamos nada.

Creo que nós temos aquí unha representación e temos unha obriga que é preocuparnos polos nosos veciños cando realmente hai problemas, porque para as festas estamos todos, pero cando hai problemas tamén hai que mollarse; ou estamos aquí para iso ou senón retirémonos, aforramos uns cantos cartos en dietas e en soldos, e ao mellor iso podería crear varios postos de traballo ou arreglar fontes; sí é así, fagámolo así, isto non é demagogia. Non podemos trasladar o problema a outras Administracións e no Concello decir: "a mín que mo den arreglado", ¿entón qué facemos?, ¿qué pintamos aquí senón somos capaces nin siquiera de ser sensibles ante esta problemática?. Non digo que teñamos tódalas solucións, pero por iso decimos crear unha Comisión; non estamos decindo que vaiamos a dar solucións máxicas, non; decimos que a ver como podemos solucionar, como podemos dinamizar eses postos de traballo. Eu, a ese nivel, son máis optimista, penso que as Corporacións Locais sí teñen algo que facer e sí teñen posibilidades, e senón non nos presentemos a unhas eleccións; se nos presentamos ás eleccións simplemente para que sexan os funcionarios quen desentrolen os proxectos que nos veñen doutras Administracións e nós simplemente estamos para ir ás procesións ou a outros actos pois para iso eu non veño; eu veño aquí, en principio, para tratar de ser útil ós veciños e ás veciñas de Baiona, unhas veces acertadas e outras desacertadas; pero a miña idea é ser útil, ¡canto máis temos todos que ser útiles nestes momentos!, extruxémonos os miolos. Se hai que empeñarse, señora concelleira, non teña medo, estamos nun 17% cando a Deputación está nun 110%; non teñamos medo, temos capacidade de empeño, fagamos cousas, ¿ou é que aquí nos pagan por non facer nada?,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

fagamos cousas; ¿que ao final nos van a criticar porque o fixemos mal?, pode ser, pero non porque non as fixeramos.

Ese é o sentido da moción; non quero entrar en datos concretos de quen está ou deixa de estar contratado, na mente de todo o mundo se sabe; o único que pedimos é unha reflexión sobre que podemos facer para dinamizar o pouco emprego que temos e como podemos chegar a ser útiles ós nosos veciños.

Por certo, agradecerlle ó Sr.Vilar que nos dé tanta importancia pero teño que dicir que esta Moción saíu do propio debate e discusión do grupo socialista de Baiona, non hai outra historia; e faremoslle chegar ó Presidente do Goberno que vostede lle recomenda que adiante as eleccións, non se preocupe.

SRA.SILVA, PP.- No tengo mucho más que añadir a lo que expuse anteriormente; los números no son los correctos, son 87 puestos a la espera de 3 programas de Cooperación más, porque yo le relacione lo que son puestos directos por el Concello de Baiona; si quiere también le menciono el programa de Diputación, de cooperación, y del Plan Estatal. Pero las verdades duelen. 87 personas esperan por el programa de cooperación; entre 12 y 16 personas, por el Concello. No voy a volver a reiterar lo expuesto: palabras son palabras, y lo que yo he expuesto son hechos, son datos que tengo en mis manos, son datos objetivos y que se pueden comprobar.

No voy a seguir su juego; respeto la situación económica que tienen muchas familias en toda España y sobre todo en Baiona, y por respeto a ellas no le voy a seguir el juego de la demagogia. Repito que no tengo más que añadir a lo ya expuesto, son datos oficiales y están sobre la mesa para quien los quiera ver. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu tamén quero dar algún dato; señora Angeles Silva, fai uns días o pedín na intervención e me dixeron que o pedira por escrito, mo darán dentro de 10 ou 15 días probablemente, cando xa pasou o Pleno; esa é a maneira de funcionar do PP en tódalas áreas; pedimos información, nos pechan a porta, e nola dan cando xa non fai falta, por escrito, sí señora; foi fai uns días xa. Por primeira vez na historia deste pobo, dende que están vostedes, se lle pecha as portas á oposición á información; eu antes viña aquí en horas libres a informarme dos expedientes de Urbanismo, ou do Pleno, e tiña tódalas facilidais do mundo, co señor Vilar, e co Sr.Benigno; tamén cando estivemos nós gobernando vostedes tiñan acceso á documentación do Concello, e a nós se nos nega. Que sepan os veciños e as veciñas que nos están estrangulando a fiscalización que lle temos que facer a vostedes; nos están pechando as portas e non nos dan información de ningún tipo, ata tal punto que hai veciños que se enteran moito antes que os concelleiros da oposición de informacións, por privilexios, deste goberno local. Se nos pecharon as portas dende que están vostedes gobernando; nunca había pasado, nin co señor Vilar nin co Sr.Benigno, con todas cantas fixo; nunca.

Sr.Vilar, agora que non nos escoita nadie, dígame unha cousa ¿vostede de verdade pensa que o inxeniero da plastilina, aquel que nos decía que se ían a solidificar no fondo do mar (ó chapapote me refiro) os hilillos de plastilina, e que non nos preocupamos; de verdade cree que esa é a alternativa ó Goberno de España?, ¿de verdade cree que o Plan de emprego que promove a PP que é a copia exacta do Plan de emprego da COE, Confederación Española de Empresarios, pedindo o despido libre ao Goberno de Estado, de verdade cree que esa é a solución ó emprego neste país?, ¿de verdade cree que sempre temos que pagar o pato os mesmos, os traballadores?, ¿ata cando?; o que falla aquí é o sistema, e o se cambia o sistema ou o único que podemos é aplazar a crisis; nada máis. Aquí se lle estiveron dando subvencións á Banca, e fai uns días sae un Banco decindo que tivo beneficios millonarios, menos co ano pasado, pero beneficios millonarios; iso é unha vergoña; mentres se sigan subvencionando empresas multinacionais que ó cabo de 2 anos de ter unha subvención pechan a porta e se largan para Africa ou para China, iso é unha vergoña para un gobernante.

Falaba vostede de que se queríamos vivir como en Cuba, do Estado; mire, en Cuba se dan moitas máis circunstancias, evidentemente alí hai miseria, viven do Estado, pero tamén teñen un bloqueo por parte dos yanquis tremendo dende fai moitísimos anos, e iso vostede non o dí, non lle interesa decilo; pero o que sí é certo é que os Colexios son gratuitos para todo o mundo,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

e hai moitos inxenieros, e médicos, e de todo, e teñen o ensino gratuito totalmente, e seguro que Colexios máis decentes que o de Fontes, estou convencido. Polo tanto Sr.Vilar, como levan vostedes dito, non fagan demagogia vostedes; senón queren apoiar esta moción, grave erro pola súa parte, grave erro estratéxico, así llo digo: estratéxicamente vostedes están actuando mal; creo que tiveron a oportunidade agora mesmo de escurrir o bulto e non a aproveitaron. Nós vamos a votar a favor da moción, Sr.Alcalde, porque creemos que é preciso que a oposición aporte ideas que non ten o equipo de goberno. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Parece que nós aquí somos especialistas en grandes temas como pode ser a economía, porque realmente se traen aquí mocións que nos desbordan; miña intervención vai nese sentido; a situación económica, a situación de xenerar traballo, de xenerar confianza na economía, non a resolven as Corporacións Locais, e moito menos a Corporación Local de Baiona. Creía que esta moción era unha moción que o PSOE había colocado en toda España, pero é que agora xa boto as mans á cabeza cando escoito que soamente a colocan en Baiona, iso é moito máis grave; se a fixeron na xunta local do grupo municipal do PSOE e a presentan en Baiona é que entón o tema moitísimo máis grave, o tema de descoordinación xa é total; que se presentara en tódolos Concellos ata me parecía lóxico, iso é positivo, para iso o partido ten arraigo a nivel nacional; o problema é que so se presenta en Baiona.

Hai un dato moi preocupante na economía, é que o prezo do diñeiro baixou ao 1%, un record histórico; ¿que quer dicir?, que é unha situación realmente desesperada da economía e das facilidais que se dan para que o diñeiro se mova e se creen postos de traballo; cando os tipos de interés están ó 1% é que a cousa non vai ben; fai un mes estaba a 1,4 e de pronto nun mes se pón ó 1. Realmente grave e preocupante; e non está nas nosas mans activar e dinamizar a economía; está nas mans, entre outros, do Goberno do Estado, algo terá de culpa. Non vamos a entrar nesta moción.

SR.LORES, PSOE.- Volver a manifestar a nosa sorpresa; agradecer ó BNG o seu apoio, e esperar que o goberno tome algún tipo de iniciativa neste senso. Moitas grazas.

SR.ALCALDE. - Supoño que a sorpresa non será polo apoio do BNG.

Hai un análise que fixo Angeles Silva, preciso, da situación; hai algo do que temos que darnos conta: máis da metade dos parados de Baiona son do sector servizos, é dicir, non é un tema de creación indefinida de postos de traballos polo Concello de Baiona; o Concello non pode crear 800 postos de traballo e menos cando a metade deles non son da construción, nin son da industria, nin da agricultura, nin da pesca, son do sector servizos; o que temos que facer dende o Concello, e tódalas campañas que se fagan son fundamentais, é facer que funcione o Concello de Baiona, porque así daremos as condicións para que a xente veña a Baiona; así, ese gran porcentaxe de xente que vive dese sector servizos poderá consolidarse. Comparto totalmente a idea de Manolo Vilar; parece que tratan de dicir que os Concellos son responsables de todo; pero nós somos o contacto directo cos veciños e lóxicamente a quen esixen a solución dos seus problemas é ó Concello.

Dixeron que nós temos unha estratexia por votar en contra desta moción, é dicir: a estratexia sería votar a favor e non facer nada. Nós vamos a votar en contra pero vamos a seguir facendo moito; isto non é tema de estratexia nin de votos, é un tema de sentido común que é o que queremos aplicar. Aquí hai 2 modelos claros económicos: nós estamos dacordo en ún, que é incentivar que a iniciativa privada xenere postos de traballo; hai outros que o obxectivo é que as Administracións Públicas creen postos de traballo independentemente de que den servizos ou non den servizos; creemos que non; unha economía sigue para adiante se o que se produce serve para algo, senón non serve para nada. Unha é a política liberal e outra é a política intervencionista, desgraciadamente durante moitos anos Unión Soviética, Cuba, han visto que a intervencionista non serve absolutamente para nada, polo tanto creo que cada ún ten que cumprir o seu papel.

O Concello de Baiona ten unha actitude especial, ten un técnico de emprego adicado a estas tarefas dende fai moito tempo, que, en colaboración co resto de servizos, colabora de forma



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

extraordinaria; pero non podemos pedir milagros; temos que contemprar as nosas posibilidades e leválas a cabo, e para iso o lóxico é o que se está facendo: gobernar. Á oposición vamos a presumir boa intención, pero non ánimo de construír, desgraciadamente.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Moción presentada polo grupo socialista, resultando: votos a favor, 7 (5, PSOE, 2, BNG); votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ). Polo cal rexeitase a Moción do PSOE.

7.-MOCIONS.-

SR.ALCALDE.- Como non foi presentada na C.Informativa previa nin con antelación a este Pleno, o primeiro que hai que discutir é a Urgencia da Moción.

O SR.FERNANDEZ, BNG, dá lectura á seguinte:

MOCION DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA RELATIVA A SITUACION DO COLEXIO DE FONTES.

O CEIP de Fontes é un colexio de máis de 25 anos de antigüedad que desenrolou e sigue desenrolando unha importantísima labor educativa para os nenos e nenas do Concello de Baiona. Sito na parte alta da parroquia de Santa Mariña de Baíña, no Barrio de Fontes, encontrase exposto aos temporais que azotan fundamentalmente no inverno esta zona e que foron co paso dos anos deteriorando as instalacións.

Dende a súa inauguración sufríu diferentes obras. Así no curso 1985-1986 ampliouse o colexio co novo módulo de preescolar e primeiro de EXB máis un ximnasio. Posteriormente realizáronse obras de conservación e mantemento. Non obstante, debido ó tempo transcorrido, o CEIP de Fontes se atopa nunha situación difícil que require unha adaptación ás necesidades actuais para conquistar un ensino de calidade consistentes en obras de accesibilidade para nenos con dificultades para deambular, reforma das instalacións sanitarias en estado lamentable e non adaptadas ás idades dalgúns nenos, subsanación de humidades múltiples, do illamento térmico e outras deficiencias que precisarían dunha reforma integral que só compete levar a cabo dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo se ten debatido neste Pleno, entendemos que as obras a realizar precisan dun proxecto educativo e construtivo que marque as prioridades educativas desa Consellería para o CEIP de Fontes dentro dos vindeiros anos. E dicir, unha planificación educativa xeral coa finalidade de dar unha resposta satisfactoria ás demandas cidadás en función do crecemento demográfico, con especial atención na determinación da oferta educativa incluíndo a nova remesa de escolares que cada ano se incorporan ao sistema educativo.

Respecto ó proxecto construtivo, consideramos que debería prever a inversión necesaria para que coas obras de reforma, mellora e ampliación se de resposta aos problemas e deficiencias estruturais: accesibilidade, instalacións sanitarias, eléctricas, carpintería, deportivas (cobertura da pista deportiva),...

No momento no que nos atopamos e a falla de adopción de medidas por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, fan que hoxe o BNG teña que traer ó Pleno esta moción con carácter de urxencia.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Por isto, é polo que solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a redacción dun proxecto educativo e construtivo para o CEIP de Fontes.

2.- Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha xuntanza de carácter inmediato cos portavoces municipais do Concello de Baiona, coa dirección do Colexio e unha representación da ANPA do Colexio de Fontes.

3.- Crear unha mesa de negociación (formada por tódolos grupos municipais, ANPA, e Dirección do Colexio) para chegar a uns acordos mínimos e poder iniciar o curso escolar.

SR.ALCALDE.- Esta exposición de motivos é unha copia exacta da que aprobamos neste Pleno dende o PP; o que o BNG ten que dicir é que está copiando unha moción anterior; non se poden reír da xente, ten que traballar, non pode copiar. Reconozca que copiou.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Está copiada literalmente porque queremos que vostedes arreglen o Colexio de Fontes e acepten a Moción; a ver se vostedes así a aceptan. Pido a urxencia porque evidentemente o fin desta moción é que se arreglen as instalacións para poder iniciar o curso escolar.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Urxencia da Moción presentada polo BNG, resultando aprobada por unanimidade.

SR.FERNANDEZ, BNG.- En principio, Sr.Alcalde, voulle dicir unha cousa: a moción foi copiada literalmente para que vostedes votaran a favor; ese primeiro obxectivo está cumprido; pero o obxectivo final é que se reparen as deficiencias que correspondan ao Concello e se faga unha xuntanza na Xunta de Galicia co responsable da Consellería para que o ano que ven o Colexio teña a reforma estrutural que necesita.

Eu non teño máis que facer que ir á acta anterior; nesa acta, o Sr.Vilar, membro do goberno, decía que era un colexio que tiña 25 anos, cun problema de obras maiores que ten que resolver a Consellería, ¿seguimos estando dacordo, Sr.Vilar?. Desgraciadamente os que están na Xunta de Galicia abanderados en materia de Educación se preocupan máis doutros temas, que tamén podería valer porque se preocupan máis do tema da lingua, podería seguir valendo a súa intervención, que non de ir ó auténtico problema que son as inversións nos Centros. Gastaron 400.000 euros, como dixen antes, nunha enquisa, máis de 50 millóns de pesetas das de antes; e todo isto require un Plan de inversións que non soamente sexa política linguística, que tamén sexa un plan de inversións; ven esta Xunta de Galicia, hai plan de inversións para o que lle interesa, pero para os Colexios seguimos igual que antes; polo tanto creemos (segue decindo vostede) que a Xunta de Galicia ten unha responsabilidade directa para mellorar o Colexio de Fontes. Dí máis adiante: “non me explico que aquí haxa concelleiros que non voten a favor desta moción porque realmente o que se pide é un proxecto educativo e construtivo para o CEIP de Fontes”.

Podería seguir coas intervencións; tamén a señora Marcote decía: “Desde el Concello queremos mostrar nuestra inquietud y el total apoyo al ANPA” (xa se acabou, apoio agora non hai por ningún lado). Continuaba a Sra.Marcote: “Le quiero decir al Sr.Fernández que me parece mucho más interesante que se invierta mucho más sobre todo en el Colegio de Fontes y no tanto en una política linguística que creo que llega a límites extraordinarios e intervencionistas, y vuelvo a reiterar que el Delegado de Educación tenga a bien recibírnos tanto a mí, concejala de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Educación, como al Alcalde, como al ANPA, y un aplauso para ellas”; agora xa non pide o aplauso.

A semana pasada o meu compañeiro Guillermo Vázquez decía: “ O PP son os reis do escaqueo”, e ten toda a razón do mundo; e vostedes aquí en Baiona son os príncipes da mentira; o Colexio de Fontes, señora concelleira, o comedor que ten, o mandei facer eu; eu fun; con cartos municipais, claro, como fan vostedes; o PP dí “é que o Partido Popular fixo”, non é así, isto sae grabado, non se preocupe. A vostede debería caerlle a cara de vergonza que sexan os pais os que teñan que facer un piso, e pagado dos seus bolsillos, para poder ter ós seus fillos nun sitio decente. E miren, aquí se fan moitas modificacións de crédito, e hai diñeiro, o que pasa é que o invirten onde lle interesa; eu quero recordar o Orzamento do 2008 (e me parece moi ben que o fagan, pero tamén teñen que asumir as consecuencias) se invirtiron 6.000 euros no manto dunha Virxe, e me parece moi ben, eu son moi respetuoso coas cuestións da xente, pero vostedes teñen que asumir que dispoñen de 6.000 euros para un manto dunha Virxe, que é propiedade do clero, e non teñen un can para invertir en Fontes, esa é a realidade. Sr.Alcalde, eu creo que a Moción é asumible para vostedes porque xa a aprobaron unha vez, e o único punto que se engade a máis é: “Crear unha mesa de negociación (formada por tódolos grupos municipais, ANPA, e Dirección do Colexio) para chegar a uns acordos mínimos e poder iniciar o curso escolar”. Eu estou convencido, polo coñecemento que teño, e dígollo de verdade, que sí aprobamos esta moción, e o lúns ou o mártres (estou de vacacións, non teño problema ningún) á hora que vostede queira, nos reunimos nesa Sala os membros desta Comisión, seguramente que en menos de media hora chegamos a un acordo; acordo que non significa soamente unha pequena inversión, porque estamos falando dunha miseria, temos un Orzamento municipal de 7.714.662,77 euros, seguramente que cunha migalla de isto resolve vostede este problema, pero aparte de iso conseguirá vostede paz social; e lle digo unha cousa: non é bó que un pobo esté na situación que se está agora; e vostede non se acordará, pero o Sr.Vilar sí, que no ano 92 vivimos o conflito da Palma, que non tiña nada que ver con isto, e non se pode volver a esas circunstancias, nin tan siquera a situacións parecidas; polo tanto, creo que é vostede, Sr.Alcalde, capaz de resolver este problema, vostede, non nós; para ben ou para mal, pero ten que resolvélo vostede, e ten a oportunidade de facélo.

Eu lle podo asegurar, o volvo a dicir, con coñecemento de causa, que se nos reunimos nesa Sala o lúns en media hora probablemente esté o tema zanzado, e eu o único que vou facer é escoitar, eu non vou a dar nin solucións máxicas nin nada polo estilo, escoitar ás partes e esixirle ás partes que se poñan de acordo, iso sí. Agora ben, se vostede quer seguir pola vía das ameazas e das coaccións e de “aquí se fai o que eu digo porque son o Alcalde”, alá vostede. Nada máis, moitas grazas.

(Neste intre abandoa a sala D. Manuel A. Gonzalez Marcote, do PSOE)

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, neste momento vostede actúa como perdonavidas: “si se reúnen ahí, eu vou a esixir que cheguen a acordos, isto se arregla”, mire, a democracia, a que reconquistamos fai 27 anos, non é iso; a democracia dí que hai unhas maiorías que gobernan, e hai unha oposición que fiscaliza; non me vou a alterar; mire, a Moción a vamos a aprobar, pero vamos a modificála porque evidentemente o texto é noso; e o punto nº 1 é o que nós vimos reivindicando con carácter xeral, pero resulta que o punto 2º dí: “xuntanza de carácter inmediato”, mire, estivemos aquí fai uns días con representantes da ANPA, incluso estivo a Presidenta, co Xefe territorial, os técnicos da Consellería, e os técnicos do Concello de Baiona, e vou a decirlle o que dixeron os técnicos: “Neste momento non hai presuposto, o prioritario é o tema eléctrico”; e o demáis xa temos elaborado o anteproxecto, presentado nesa reunión nese sitio, por certo que vostede non estaba, non estaba invitado, outro día sí estaba invitado pero foi a facerse fotos, ahí se dixo que o anteproxecto era éste pero que neste momento non se podía facer; intervención, tanto da Concelleira de Educación, como miña, dirixida ós técnicos: “miren, ¿non se podía facer algo parcial de cara a que tiñan un orzamento completo para isto?, a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

resposta foi “non, porque isto hai que facélo completo, de arriba a abaixo, co cambio da tubería; os problemas de olores ou de ruidos é un problema da tubería e hai que cambiála completamente”, palabras do técnico; pregunta miña (hai testigos que non poderán dicir que non): ¿hai problema sanitario?, “non, o problema é estético”, o dixo o arquitecto da Consellería de Educación: “estético”; eses acordos ós que se achegan nesa reunión non saíron aínda que a Presidenta saíu desa reunión decindo que estaba dacordo.

O Concello de Baiona vai a seguir invirtendo, como ata agora, nos Colexios; e por certo, non era o manto dunha Virxe, era o estandarte da Virxe da Anunciada, que é propiedade municipal. Pero o ano despois se gastou na pista de Fontes tres veces máis, con razón, era algo necesario.

O Concello de Baiona vai a seguir traballando polos Colexios do Municipio, pero non vai a tolerar a presión, porque se cedemos a unha presión mañán calquer Colexio pode facélo; se o grupo político BNG quer facer chantaxe e demáis, que o faga; a Palma non a nomeei eu, a nomeaches tí; se queres facer outra Palma é teu problema; ti serás o responsable; nós, aquí, no Pleno, político, decimos: o Concello de Baiona vai facer o que ten que facer, vai a esixir (como de feito xa esixiu) a primeira reunión co Secretario Xeral, a segunda co Xefe territorial, esixir que se faga o que se teña que facer e nos tempos que se poidan facer, coas prioritais que teñan que ser; nin máis nin menos; independentemente que se poñan pancartas, pitos, ou outras cousas; non vamos a utilizar esa vía.

Por certo, as prioritais do Colexio se fixan entre a ANPA, Concello, e Dirección do Centro; ata fai 8 meses o baño non existía; a prioridade era outra; cambiaron de prioridade; e agora serán as que temos nós.

Pedimos unha enmenda, aprobando (como non podía ser doutra forma) esta Moción que a fixemos nós, na exposición de motivos, co punto número 1.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, lle pido unha cuestión de orden. Lle pido que faga un receso de 5 minutos e que nos reunamos na Alcaldía os portavoces dos grupos políticos. Unha cuestión de orden: retiramos a Moción.

SR.ALCALDE.- Segun a Secretaria Municipal corresponde votar a retirada.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non; non queremos que se debata a nosa moción; retirámola.

SR.ALCALDE.- Se presentou a Moción, se votou a urxencia, e agora se votará a petición da retirada despois das intervencións dos portavoces; polo tanto, ó acabar esa primeira ronda, se vota a retirada.

SR.LORES, PSOE.- Independentemente da retirada da moción, manifestamos o noso apoio á ANPA e a toda a Comunidade educativa de Fontes, pola preocupación e necesidades que están a transmitir en tódalas Administracións; iso de entrada. Despois, en canto á democracia, Sr.Alcalde, dicir que en democracia hai maiorías pero tamén minorías e todos temos dereito a opinar; as minorías tamén son importantes en democracia, así o Sr.Manolo Vilar está de teniente de Alcalde sendo minoría; son importantes porque a Lei Electoral as contempla, senón pobre do Sr.Vilar que estaría sempre fora do equipo de goberno.

Nesta reunión que vostede fala, que eu nin fun convocado nin invitado, non sei o que se acordou, pero volvemos a repetir o que falamos noutro punto da Orde do Día, que con urxencia o Concello adopte as medidas de mantemento necesarias para que o 1 de setembro poidan desenrolarse as actividais docentes nese Colexio, tanto para pais, profesores e alumnos, e que despois por parte da Consellería se fagan tódalas obras de infraestrutura, obras maiores; que se faga tamén un plan de inversións, que o Concello aporte os medios necesarios para que en pouco tempo o Colexio poida ter un espazo digno. Sabemos que é un Colexio importante, que hai un claustro de profesores moi competente, e que o nivel educativo, a calidade do ensino, é boa; polo tanto, por parte das Administracións o único que temos que facer é estar ahí apoiando toda esa labor educativa e estar defendendo sempre o ensino público; a ese nivel non temos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

máis que decir; que haxa un compromiso e que inmediatamente revisen as deficiencias. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Xa está moi debatido este tema, volvemos a repetilo, xa chegamos a moitas conclusións, o que pasa é que "a oídos sordos non se quere entender". Decirlle ó Sr.Lores que a aritmética é a que é, 6 máis 2 non son 9, iso é clarísimo.

Respecto ó BNG, que foi o causante deste tema, creo que comete un grandísimo erro con esta moción; erro que a verdade que o faga un político inexperto sí, pero un político experto como é Xosé Enrique é algo moi intencionado; comparar o estandarte da Virxe da Anunciada co problema dos baños de Fontes é gravísimo, eu tamén podo falar de cando vos financiaches un barco para unha regata Baiona-Pornic, cousa que me parece ben, pero eu nunca caerei nese erro. Vostede sabe cun presuposto ten unha serie de partidas, unhas para unhas cousas e outras para outras, hai responsabilidais dunha Administración e responsables doutra; non utilice ese tema.

Creo que a proposta do equipo de goberno de aprobar esta Moción co primer punto, é correcta; o problema do BNG é que está conducindo isto a un callexón sen saída e parece que agora o BNG quere buscar a saída digna a algo que xenerou que é a protesta callexera.

Os baños de Fontes se van a arranxar porque hai que facélo, porque non se pode consentir que un Centro de educación teña uns baños nesa situación; se van arranxar no seu momento; se tomarán as medidas cautelares cando o decida a Consellería de Educación, se vai arranxar todo iso, pero nunca pola presión das manifestacións nin pola presión do BNG, iso que quede claro; se algún se cree que iso vai facerse pola presión é que descoñece a nosa traxectoria de gobernar, que é a firmeza, o sentido común, e traballar polos intereses xerais.

O que sí está claro é que aquí hai pais que están sendo manipulados polo BNG, e outros que son militantes do BNG, iso é gravísimo; creo Xosé Enrique, que vos equivocades. Nós estamos dacordo en aprobar a Moción, que xa fixémola nós no seu día, co primer punto, e arranxar provisionalmente o que haxa que arranxar no seu momento.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Terei que intervir para convencer da retirada. Quero manifestar a miña idea de porque se debe de retirar.

SR.ALCALDE.- Xa o fixo; dixó que ninguén ia modificarlle a moción.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, os equivocados son vostedes; os pais de Fontes non están manipulados nin polo BNG nin por ninguén; están actuando por iniciativa propia, e o BNG non vai a ser o responsable de aquí en adiante de tódalas iniciativas que leve a ANPA de Fontes, e llo digo a eles, nin antes tampouco, porque eles saben de verdade que ningunha iniciativa partiu do BNG senón que partiu deles. Por iso lle digo: están vostedes nun gravísimo erro; non van por ahí os tiros. Por iso pedía eu que foramos á Alcaldía, 5 minutos de receso, e falamos, e vostedes non queren; queren desvirtuar unha moción do BNG e nós por ahí non vamos a entrar. Retiramos a Moción e santas Pascuas; fagan vostedes o que teñan que facer.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da retirada da Mesa da Moción do BNG, resultando: votos a favor, 2, BNG; votos en contra, 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 4 abstencións, PSOE . Polo cal rexeitase a petición do BNG de retirar a súa Moción.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Estamos vivindo unha repetición do último Pleno onde se aprobou esta moción; nós fixemos unha enmenda, vostedes botáronlla abaixo, e lle dixen: isto non vai a resolver absolutamente nada; e volvo a decir: o que vostedes pretenden non vai a resolver nada e o BNG non vai a ser participe desa farsa.

(Neste intre abandoan a sesión os señores Fernández e Valverde, do BNG)



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde procede á votación da ENMENDA presentada polo equipo de goberno á Moción, que supón a retirada dos puntos 2º e 3º, deixando tal e como está redactado o punto 1º, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 4, PSOE; polo cal fica aprobada a enmenda presentada.

Procede agora o Sr. Alcalde á votación da Moción coa enmenda aprobada, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 4, PSOE.

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

- SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA A REDACCIÓN DUN PROXECTO EDUCATIVO E CONSTRUTIVO PARA O CEIP DE FONTES.

8.-ROGOS E PREGUNTAS.

SR.LORES, PSOE.- Antes de nada o primeiro ROGO era que as mocións que pasamos por escrito antes da Comisión Informativa se nos respeten como mocións; xa sabemos que é potestade do Alcalde a elaboración da Orde do Día pero nós presentamos unhas mocións e non nos foron aceptadas como tales, agora o faremos como ROGOS.

SR.ALCALDE.- Xa falei con vostede; unha cousa estaba xa realizada e a outra non tiña moito sentido; o comentei con vostede.

ROGOS DO PSOE.- SR.LORES:

1º ROGO.- En plena temporada turística estamos a sufrir en Baiona as consecuencias da falta de acordo entre a Policía Local e o Goberno Municipal. Este é un problema que vimos arrastrando dende fai, como pouco, catro anos. Non podemos dilatar por mais tempo esta situación, os veciños e as veciñas de Baiona teñen dereito a contar cun servizo de Policía Local que garantice as seguridade de todos. É responsabilidade do Alcalde garantir este dereito. Polo exposto o Grupo Municipal Socialista presenta o **ROGO:**

- **Que con carácter urxente o goberno adopte as medidas necesarias para que a nosa Policía poida prestar con eficacia e dignidade os servizos que ten encomendados.**

Sabemos que hai un conflito que realmente por parte do equipo de goberno sí se está facendo por solucionálo, pero creemos que hai que pór os máximos para a solución.

2º ROGO.- Con respecto ó camping da Ladeira, algunhas cousas xa se fixeron pero entendemos que iso necesita unha intervención máis contundente, cun Convenio, posiblemente, con Costas, para que se realice unha intervención no aparcadoiro con especies vexetais que poidan decorar e así paliar o efecto visual, tanto da Ladeira como do seu camping; esa imaxe que estamos a dar non é boa, polo tanto **ROGAMOS** que o Concello tome unha iniciativa de reunirse con Costas e adecentar ese espazo importante.

SR.ALCALDE.- Como ben dí, curiosamente, é un espazo de Costas; de todas formas a Concellería de Vías e Obras e Medio Ambiente tivo unha actuación bastante espectacular, mellorou as condicións, e con Costas do Estado temos falado pero creo que o presuposto este ano se acabou coa praia en Vilagarcía de Arousa e que non hai máis fondos para facer ningunha obra, nin eso ni no paseo de enfrente da gasoliñeira, que tamén se lle pediu, e non puderon acometelo.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

3º ROGO.- Que se proceda ó arranxo das taboas que hai no paseo de madeira, e tamén das tapas das farolas do paseo literal que co efecto de distintas averías están os cables soltos. **ROGAMOS** que se arranxen.

PREGUNTAS DO PSOE (do Pleno anterior do 2 de xullo de 2009)

1.- O acordo que se fixo coa concesión do aparcamento da Palma, ía condicionado a facer o arranxo de tódala superficie da Palma, PREGUNTAMOS cando se ten pensado iniciar estas obras e en qué estado están.

SR.ALCALDE.- Teñen que presentar o proxecto nestes meses, quedaron en facélo antes de setembro, máis ou menos; de tódolos xeitos as obras no que é enriba son menores; o fundamental é a obra interior.

2.- Por mór das obras que se están a facer na rúa Elduayen, estánse a retirar as árbores que están nas beirarrúas, PREGUNTAMOS qué tratamento se lle está dando a eses árbores, si se ten pensado repólos, ou que vaise a facer con eles.

SRA.SIMONS, PP.- Dado que o diseño da rúa Elduayen cambiou, houbo que retirar os alcorques e o que se pretende é volver a ubicálos no novo sitio, pero dada a data na que se fixo pode ser que sexan os mesmos ou haxa que pór uns novos.

3.- Sobre a adopción de facer pasos de peóns elevados, iso cumpriría dúas funcións importantes: una, limitar a velocidade, e outra, garantir a accesibilidade por todo Baiona.

SRA.SIMONS, PP.- En los nuevos proyectos de obras municipales se vienen ejecutando los pasos de peatones elevados para garantizar la accesibilidad, sobre todo en la zona de Marqués de Quintanar y la rotonda de Colón. Se pretende continuar esta labor en las calles municipales en la medida en la que sea posible, también hay que tener en cuenta que muchos de los viales no son municipales y que no todos los viales son propicios para poner pasos de cebra elevados.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas e dez minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.